



GUÍA TÍ ELIXES! 2026

III XORNADA DE ORIENTACIÓN

ARTÍSTICA E PROFESIONAL



A Coruña, febreiro de 2026

Información sobre
educación e emprego

Bolsas e axudas



Concello da Coruña

Con motivo da realización das *III Xornadas de Orientación Artística e Profesional 2026*, a Concellaría de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica do Concello da Coruña pon ao dispor da comunidade educativa a *Guía Ti Elixes! 2026*, co obxectivo de converterse nunha ferramenta práctica que lle facilite a toma de decisións sobre o futuro académico e profesional ao alumnado de educación secundaria e sirva de apoio ao labor dos equipos de orientación de institutos e centros privados.

A *Guía Ti Elixes!* ofrece información sobre a oferta educativa de FP, universitaria e de aprendizaxe de idiomas, busca de emprego e unha selección de bolsas e axudas convocadas por entidades públicas e privadas, tanto en España como no estranxeiro.

A recompilación e presentación da información desta guía foi realizada pola Rede Municipal de Información Xuvenil do Concello da Coruña, en coordinación co Servizo Municipal de Educación.

A Rede conta con 3 espazos, situados no Centro Ágora, no Espazo Xuvenil Naves do Metrosideiro e no Fórum Metropolitano, que ofrecen ao longo de todo o ano unha asesoría educativo-profesional a disposición das persoas mozas. Contacta en: www.coruna.gal/informacionxuvenil

Índice

EDUCACIÓN	7
Esquema do Sistema Educativo	8
Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)	9
<i>Promoción</i>	9
<i>Titulación</i>	10
<i>Opcións ao finalizar</i>	10
<i>+ Información</i>	10
Bacharelato	11
<i>Promoción</i>	12
<i>Titulación</i>	12
<i>Opcións ao finalizar</i>	13
<i>+ Información</i>	13
Centros públicos ESO e Bacharelato na Coruña	14
Centros privados ESO e Bacharelato na Coruña	15
Proceso de admisión ESO e Bacharelato	16
Ensinanzas para persoas adultas	17
<i>Centros públicos e privados de Ensinanzas para persoas adultas: Básicas, ESO e Bacharelato da Coruña</i>	17
<i>Probas para a obtención do título de educación secundaria obrigatoria para maiores de dezoito anos</i>	18
<i>Proba para a obtención do título de bacharelato para persoas maiores de vinte anos</i>	19
Formación Profesional	20
<i>Graos e modalidades</i>	20
Formación profesional básica	21
<i>Requisitos de acceso</i>	22
<i>Titulación</i>	22
<i>Opcións ao finalizar</i>	22
<i>+ Información</i>	22
<i>Centros que ofertan de Ciclos Básicos de FP na Coruña</i>	23
<i>Centros que ofertan Programas Formativos de Formación Profesional Básica na Coruña</i>	23
Ciclos formativos de grao medio	24
<i>Requisitos de acceso</i>	24
<i>Titulación</i>	24
<i>Opcións ao finalizar</i>	24
<i>Proba de acceso aos ciclos medios para maiores de 17 anos</i>	24
<i>+ Información</i>	25
Ciclos formativos de grao superior	25
<i>Requisitos de acceso</i>	25
<i>Titulación</i>	25
<i>Opcións ao finalizar</i>	25

<i>Proba de acceso aos ciclos superiores para maiores de 19 anos.....</i>	26
<i>+ Información.....</i>	26
Centros públicos con ciclos medios e superiores en réxime ordinario na Coruña	27
Centros privados con ciclos medios e superiores en réxime ordinario na Coruña	28
Cursos de especialización	29
<i>Requisitos de acceso</i>	29
<i>Titulación</i>	29
<i>+ Información e oferta</i>	29
Réximes e modalidades nos estudos de FP	29
<i>Oferta ordinaria.....</i>	29
<i>Oferta modular</i>	29
Formación Acelerada	30
<i>Requisitos.....</i>	30
Formación profesional dual intensiva	30
<i>Requisitos de acceso</i>	30
<i>+ Información e oferta</i>	31
Información xeral de admisión nos ciclos de formación profesional	31
Ensinanzas Deportivas	32
<i>Acceso ás ensinanzas deportivas de grao medio.....</i>	32
<i>Acceso ás ensinanzas deportivas de grao superior.....</i>	32
<i>Titulación</i>	32
<i>+ Información e Orde de desenvolvemento da Consellería.....</i>	33
Ensinanzas Artísticas.....	33
Ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño	33
Ciclos formativos de grao medio de Artes Plásticas e Deseño	33
<i>Requisitos de acceso</i>	34
<i>Titulación</i>	34
<i>Opcións ao finalizar</i>	34
<i>+ Información.....</i>	34
Ciclos formativos de grao superior de Artes Plásticas e Deseño.....	34
<i>Requisitos de acceso</i>	34
<i>Titulación</i>	35
<i>Opcións ao finalizar</i>	35
<i>+ Información.....</i>	35
Centros de ensinanzas profesionais de Artes Plásticas de Deseño en Galicia.....	36
Ensinanzas artísticas superiores de Deseño.....	37
<i>Requisitos de acceso</i>	37
<i>Titulación</i>	37
<i>+ Información.....</i>	37
Centros de ensinanzas superiores de Deseño en Galicia	38
Ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática	39
<i>Requisitos de acceso</i>	39
<i>Titulación</i>	39


<i>+ Información</i>	39
Ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais	40
<i>Requisitos de acceso</i>	40
<i>Titulación</i>	40
<i>+ Información</i>	40
Ensinanzas universitarias	41
<i>Graos, créditos e ámbitos de coñecemento</i>	41
<i>Ámbitos do coñecemento</i>	41
Proba de acceso á universidade (PAU)	42
<i>Fase xeral</i>	42
<i>Fase específica</i>	42
<i>Cualificación dos exercicios</i>	43
<i>Nota de admisión á universidade</i>	43
<i>+ Información</i>	44
Graos universidades públicas Galicia	45
Universidade da Coruña	47
<i>Servizo de Estudantes</i>	47
Universidade de Santiago de Compostela	47
<i>Oficina de Información Universitaria (OIU)</i>	47
Universidade de Vigo	48
<i>Sección de Información ao Estudante (SIE)</i>	48
Programas de achegamento á universidade	48
Universidade nacional de educación a distancia	49
<i>Centro Asociado UNED A Coruña</i>	49
Universidade privada en Galicia	49
<i>Universidade Intercontinental da Empresa</i>	49
Páxinas Web das Universidades españolas	51
<i>Universidades Públicas</i>	51
<i>Universidades Privadas</i>	52
<i>Universidades a Distancia</i>	52
Homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros	53
<i>Homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros non universitarios</i>	53
<i>Recoñecemento de títulos universitarios estranxeiros</i>	53
Educación: enderezos de interese	55
APRENDER IDIOMAS	57
<i>Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa (MCER)</i>	58
<i>Ensinanzas oficiais: Escola Oficial de Idiomas da Coruña, EOI</i>	58
<i>Certificacións de idiomas</i>	59
<i>Certificacións máis habituais</i>	60
<i>Lingua galega: Celga</i>	61
<i>Cursos de español para persoas estranxeiras</i>	62
BOLSAS E AXUDAS	63

Ensino non universitario, bolsas e axudas	64
<i>Estatais</i>	<i>64</i>
<i>Galicia.....</i>	<i>65</i>
<i>A Coruña</i>	<i>66</i>
<i>Fundacións e outras entidades</i>	<i>67</i>
Ensino universitario, bolsas e axudas en España	69
<i>Estatais</i>	<i>69</i>
<i>Galicia.....</i>	<i>72</i>
<i>A Coruña.....</i>	<i>74</i>
<i>Universidades Galegas.....</i>	<i>74</i>
<i>Fundacións e outras entidades</i>	<i>77</i>
Ensino universitario, bolsas e axudas no estranxeiro	80
<i>Estatais</i>	<i>80</i>
<i>Galicia.....</i>	<i>81</i>
<i>Universidades Galegas.....</i>	<i>82</i>
<i>Fundacións e outras entidades</i>	<i>82</i>
Bolsas Turismo en España e no estranxeiro	86
<i>Estatais</i>	<i>86</i>
<i>Galicia.....</i>	<i>86</i>
Bolsas e Axudas Artísticas en España	86
<i>Estatais</i>	<i>86</i>
<i>Galicia.....</i>	<i>87</i>
<i>A Coruña.....</i>	<i>89</i>
<i>Fundacións e outras entidades</i>	<i>89</i>
Bolsas e Axudas Artísticas no estranxeiro	92
<i>Estatais</i>	<i>92</i>
<i>Galicia.....</i>	<i>93</i>
<i>Fundacións e outras entidades</i>	<i>93</i>
Bolsas e Axudas Artísticas en España e no estranxeiro	94
<i>Estatais</i>	<i>94</i>
<i>Galicia.....</i>	<i>95</i>
<i>A Coruña.....</i>	<i>95</i>
<i>Fundacións e outras entidades</i>	<i>95</i>
EMPREGO	96
Buscar traballo: por onde empezo?	97
<i>Date de alta como persoa demandante de emprego.....</i>	<i>97</i>
<i>Inscríbete en Garantía Xuvenil.....</i>	<i>97</i>
<i>Solicita orientación laboral.....</i>	<i>98</i>
<i>Segue unha estratexia</i>	<i>98</i>
<i>Fai un bo CV.....</i>	<i>99</i>
<i>Usa LinkedIn.....</i>	<i>99</i>
<i>Onde busco traballo?.....</i>	<i>99</i>
<i>Prepara a entrevista de traballo.....</i>	<i>100</i>

<i>Continúa aprendendo</i>	100
Onde busco información na Coruña	100
Traballo temporal e axencias de colocación	102
<i>Axencias de colocación</i>	102
<i>Empresas de Traballo Temporal (ETT)</i>	102
Emprendemento	104
<i>Información xeral.....</i>	104
<i>+ Información na Coruña.....</i>	104
<i>Portais de interese para o teu proxecto</i>	105
Traballar nunha administración: o emprego público.....	106
<i>Que é o persoal empregado público?</i>	106
<i>Que tipos de Administracións públicas hai?.....</i>	106
<i>O personal ao servizo das Administracións públicas</i>	106
<i>Que son as oposicións?.....</i>	107
<i>Modalidades de acceso</i>	107
<i>Sistemas de selección.....</i>	107
<i>Requisitos de acceso</i>	107
<i>Onde se publican as convocatorias?.....</i>	107
<i>Como é o procedemento das oposicións?</i>	108
Traballar no estranxeiro.....	109
<i>Recursos</i>	109
<i>Rede Eures.....</i>	109
Seguir formándose	110
<i>Descobre que formación demanda o mercado: Necesidades formativas das ocupacións.....</i>	110
<i>Buscar formación</i>	110

EDUCACIÓN

Esquema do Sistema Educativo



★ Pódese acceder mediante proba de acceso

<https://educagob.educacionyfp.gob.es/ensenanzas>

Educación Secundaria Obligatoria (ESO)

1º ESO		2º ESO	
MATERIAS OBRIGATORIAS		MATERIAS OBRIGATORIAS	
• Bioloxía e Xeoloxía • Educación Física • Educación Plástica, Visual e Audiovisual • Lingua Castelá e Literatura • Lingua Estranxeira • Lingua Galega e Literatura • Matemáticas • 2ª Lingua Estranxeira • Tecnoloxía e Dixitalización • Xeografía e Historia • Relixión / Proxecto competencial*		• Educación Física • Física e Química • Lingua Castelá e Literatura • Lingua Estranxeira • Lingua Galega e Literatura • Matemáticas • Música • 2ª Lingua Estranxeira • Tecnoloxía e Dixitalización • Xeografía e Historia • Relixión / Proxecto competencial*	
3º ESO			
MATERIAS OBRIGATORIAS		MATERIAS OPTATIVAS <i>(escoller 1)</i>	
• Bioloxía e Xeoloxía • Educación en Valores Cívicos e Éticos • Educación Física • Educación Plástica, Visual e Audiovisual • Física e Química • Lingua Castelá e Literatura • Lingua Estranxeira • Lingua Galega e Literatura • Matemáticas • Música • Xeografía e Historia • Relixión / Proxecto competencial*		• Cultura Clásica • Cultura Financeira • Educación Dixital • Oratoria • 2ª Lingua Estranxeira	
4º ESO			
MATERIAS OBRIGATORIAS	MATERIAS DE OPCIÓN <i>(escoller 3)</i>	MATERIAS OPTATIVAS <i>(escoller 1)</i>	
• Educación Física • Lingua Castelá e Literatura • Lingua Estranxeira • Lingua Galega e Literatura • Matemáticas A ou Matemáticas B • Xeografía e Historia • Relixión / Proxecto competencial*	• Bioloxía e Xeoloxía • Dixitalización • Economía e Emprendemento • Expresión Artística • Física e Química • Formación e Orientación Persoal e Profesional • Latín • Música • 2ª Lingua Estranxeira • Tecnoloxía	• Cultura Clásica <i>(se non foi cursada en 3º ESO)</i> • Filosofía • Intelixencia Artificial para a Sociedade • Oratoria <i>(se non foi cursada en 3º ESO)</i> • 1 materia non escollida das materias de opción ofertadas para 4º ESO	

* As cualificacións obtidas na avaliación das ensinanzas de Relixión e/ou do Proxecto Competencial non se computarán nas convocatorias nas que deban entrar en concorrencia os expedientes académicos.

Promoción

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que **superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias**, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, **o equipo docente poderá decidir a promoción** dunha alumna ou dun alumno, **sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes**:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV ([Decreto ESO](#)) das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

Repetición de curso

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha **medida de carácter excepcional** e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno.

En todo caso, a alumna ou o alumno **poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez**, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. **De xeito excepcional**, poderase **permanecer un ano máis no cuarto curso**, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa.

Titulación

Obterá o **título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria** o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados.

Ademais de no caso anterior, o **equipo docente poderá decidir** a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén **todas as condicións seguintes**:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Opcións ao finalizar

Coa Educación Secundaria Obrigatoria conclúe a etapa de escolarización obrigatoria.

Quen o desexa, pode xa **incorporarse á vida laboral**. Para aquelas persoas que desexen continuar a súa formación existen diversas opcións. Co **Título de Graduado ou Graduada en ESO** pódese acceder directamente a estudos de:

- Bacharelato.
- Ciclo formativo de Grao Medio de Formación Profesional.
- Ciclo formativo de Grao Medio de ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño (superando, en todo caso, unha proba específica que acredite as aptitudes necesarias).
- Ciclo formativo de Grao Medio de ensinanzas deportivas.

+ Información

Normativa

[Real decreto 217/2022](#), do 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.

[Decreto 156/2022](#), do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Galicia.

[Orde do 26 de maio de 2023](#) pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

[Orde do 22 de xuño de 2023](#) pola que se establecen medidas para a validación ou a exención de materias da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e materias das ensinanzas profesionais de música e de danza ou a condición de deportista de alto nivel ou de alto rendemento.

[Decreto 117/2023](#), do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Galicia.

[Orde do 9 de agosto de 2023](#) pola que se amplía a relación de materias optativas da educación secundaria obrigatoria e se establece o seu currículo.

Webs

<https://educagob.educacionfpydeportes.gob.es/ensenanzas/secundaria>
www.edu.xunta.gal

Bacharelato

A etapa do bacharelato comprende **2 cursos**, desenvólvese en modalidades diferentes e organízase de modo flexible en **materias comúns**, **materias específicas de modalidade** e **materias optativas**, coa finalidade de que poida ofrecer unha preparación especializada ao alumnado.

As alumnas/os poderán **permanecer cursando bacharelato en réxime ordinario durante 4 anos**, consecutivos ou non.

As **modalidades** e, de ser o caso, as **vías** de bacharelato que poderán ofrecer os centros docentes autorizados serán as seguintes:

- Artes**, na vía de **Artes Plásticas, Imaxe e Deseño**.
- Artes**, na vía de **Música e Artes Escénicas**.
- Ciencias e Tecnoloxía**.
- Humanidades e Ciencias Sociais**.
- Xeral**.

1º BACHARELATO						
MATERIAS		MODALIDADES				
		XERAL	CIENCIAS E TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES	
DE MODALIDADE	OBRIGATORIAS	Matemáticas Xerais	Matemáticas I	Latín I ou Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais I	Debuxo Artístico I	Análise Musical I ou Artes Escénicas I
	DE OPCIÓN (escoller 2)	- Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial - <i>Calquera das materias de modalidade de 1º curso ofertadas polo centro</i>	- Bioloxía, Xeoloxía e Ciencias Ambientais - Debuxo Técnico I - Física e Química - Tecnoloxía e Enxeñaría I	- Economía - Grego I - Hª do Mundo Contemporáneo - Latín I - Literatura Universal - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I	- Cultura Audiovisual - Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño I - Proxectos Artísticos - Volume	- Análise Musical I - Artes Escénicas I - Coro e Técnica Vocal I - Cultura Audiovisual - Linguaxe e Práctica Musical
COMÚNS		Lingua Castelá e Literatura I Lingua Estranxeira I Lingua Galega e Literatura I Filosofía Educación Física <i>Relixión Libre disposición de centro*</i>				
OPTATIVAS (escoller 1)		- Anatomía Aplicada - Antropoloxía - Cultura Científica - Segunda Lingua Estranxeira I - Literatura Galega do Século XX e da Actualidade - Tecnoloxías da Información e da Comunicación I - Tecnoloxías Intelixentes - <i>Calquera das materias de modalidade de 1º curso</i>				

* as cualificacións obtidas na materia de Relixión non computarán nas convocatorias nas que deban entrar en concurrencia os expedientes académicos.

2º BACHARELATO						
MATERIAS		MODALIDADES				
		XERAL	CIENCIAS E TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES	
DE MODALIDADE	OBRIGATORIA	Ciencias Xerais	Matemáticas II ou Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais II	Latín II ou Matemáticas Aplicadas ás CC. Sociais II	ARTES PLÁSTICAS, IMAXE E DESEÑO Debuxo Artístico II	MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS Análise Musical II ou Artes Escénicas II
	DE OPCIÓN (escoller 2)	- Movimentos Culturais e Artísticos - <i>Calquera das materias de modalidade de 2º curso ofertadas polo centro</i>	- Bioloxía - Debuxo Técnico II - Física - Xeoloxía e Ciencias Ambientais - Química - Tecnoloxía e Enxeñaría II	- Empresa e Deseño de Modelos de Negocio - Xeografía - Grego II - Historia da arte - Latín II - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	- Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II - Deseño - Fundamentos Artísticos - Técnicas de Expresión Gráfico-plástica	- Análise Musical II - Artes Escénicas II - Coro e Técnica Vocal II - Historia da Música e da Danza - Literatura Dramática
COMÚNS		Lingua Castelá e Literatura II Lingua Estranxeira II Lingua Galega e Literatura II Historia de España Historia da Filosofía Relixión / <i>Libre disposición de centro*</i>				
OPTATIVAS (escoller 1)		- Métodos Estatísticos e Numéricos - Psicoloxía - Segunda Lingua Estranxeira II - Tecnoloxías da Información e da Comunicación II - Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia - <i>Calquera das materias de modalidade de 2º curso</i>				

* as cualificacións obtidas na materia de Relixión non computarán nas convocatorias nas que deban entrar en concurrencia os expedientes académicos.

Promoción

As alumnas e os alumnos acadarán a **promoción de primeiro** a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan **avaliación negativa en dúas materias como máximo**.

O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. A avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

No caso de **materias entre as que existe continuidade**, a superación das materias de segundo curso estará condicionada pola superación das de primeiro curso.

As alumnas e os alumnos que ao **termo do segundo curso** teñan avaliación negativa nalgúns materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursaren de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, **non se manterán as cualificacións das materias** do devandito curso que a alumna ou o alumno tiverse superado previamente.

As alumnas e os alumnos poderán **permanecer cursando bacharelato en réxime ordinario durante catro anos**, consecutivos ou non.

Titulación

Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias, **agás unha**, sempre que se cumpran ademais **todas as condicións seguintes**:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
- c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa **igual ou superior a cinco**. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da **nota media** obtida. Esta obterase calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, redondeada á centésima.

Opcións ao finalizar

O título de Bacharel facultará para acceder aos distintos **ensinos que constitúen a educación superior**:

- Ensinanzas universitarias.
- Ensinanzas artísticas superiores:
 - Estudos superiores de Música e Danza (máis proba específica).
 - Ensinanzas de Arte Dramática (máis proba específica).
 - Ensinanzas de Conservación e Restauración de Bens Culturais (máis proba específica).
 - Estudos superiores de Artes Plásticas de Deseño (máis proba específica).
- Formación profesional de grao superior.
- Ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño de grao superior (máis proba específica).
- Ensinanzas deportivas de grao superior (con título de técnico deportivo, máis proba de acceso para determinadas especialidades).

+ Información

Normativa

[Real decreto 243/2022](#), do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato.
[Decreto 157/2022](#), do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Galicia.
[Orde do 13 de febreiro de 2023](#) pola que se establece o currículo das materias optativas do bacharelato e se regula a súa oferta.

[Orde do 26 de maio de 2023](#) pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

[Decreto 118/2023](#), do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Galicia.

[Orde do 9 de agosto de 2023](#) pola que se amplía a relación de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo.

Webs

<https://educagob.educacionyfp.gob.es/ensenanzas/bachillerato>
www.edu.xunta.gal

Centros públicos ESO e Bacharelato na Coruña

INSTITUTO/ CENTRO	Enderezo	Teléfono	OFERTA EDUCATIVA
I.E.S. A SARDIÑEIRA www.edu.xunta.gal/centros/ies Sardineira ies.sardineira@edu.xunta.gal	Avda. da Sardiñeira, 41. 15008	881 960 150	E.S.O. BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
I.E.S. ADORMIDERAS www.edu.xunta.gal/centros/iesadormideras ies.adormideras@edu.xunta.gal	R/ Juan Sebastián Elcano, 28. 15002	881 880 086	E.S.O. BACHARELATO: - Artes Plásticas, Imaxe e Deseño - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
I.E.S. AGRA DO ORZAN www.edu.xunta.gal/centros/iesagraorzan ies.agra.orzan@edu.xunta.gal	R/ Alcalde Liaño Flores s/n. 15010	881 880 080	E.S.O. BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
I.E.S. ELVIÑA www.edu.xunta.gal/centros/ieselvina ies.elvina@edu.xunta.gal	R/ San José de Calasanz, 6. 15008	881 961 061	E.S.O. BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
I.E.S. EUSEBIO DA GUARDA www.edu.xunta.gal/centros/ieseusebioguarda ies.eusebio.guarda@edu.xunta.gal	Pza. Pontevedra, 20. 15003	881 960 060	E.S.O. BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
I.E.S. FERNANDO WIRTZ SUAREZ www.fernandowirtz.com ies.fernando.wirtz@edu.xunta.gal	R/ Caballeros, 1. 15006	881 960 260	E.S.O. BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
I.E.S. MONELOS www.edu.xunta.gal/centros/iesmonelos ies.monelos@edu.xunta.gal	R/ Montes, 62. 15009	881 880 041	E.S.O. BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
I.E.S. MONTE DAS MOAS www.edu.xunta.gal/centros/iesmontemoas ies.monte.moas@edu.xunta.gal	R/ José Mª Hernansáez, 23. 15009	881 961 280	E.S.O. BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
I.E.S. RAFAEL DIESTE www.edu.xunta.gal/centros/iesrafaeldieste ies.rafael.dieste@edu.xunta.gal	R/ Ronda de Outeiro, 334. 15011	881 960 930	E.S.O. BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
I.E.S. RAFAEL PUGA RAMON www.iespugaramon.com ies.pugaramon@dacoruna.gal	R/ Leopoldo Alas Clarín, 4. 15008	981 080 188	E.S.O. BACHARELATO : - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
I.E.S. RAMÓN MENENDEZ PIDAL www.edu.xunta.gal/centros/iesmenendezpidal ies.menendez.pidal@edu.xunta.gal	R/ Mª Victoria Fernández-España, 2. 15002	981 203 000	E.S.O. BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais - Xeral
I.E.S. RAMÓN OTERO PEDRAYO www.edu.xunta.gal/centros/iesoteropedrayocoruna ies.otero.pedrayo.coruna@edu.xunta.gal	Avda. Monelos, 10A. 15008	881 960 960	E.S.O.
I.E.S. SALVADOR DE MADARIAGA www.edu.xunta.gal/centros/ies salvadormadariaga ies.salvador.madariaga@edu.xunta.gal	Paseo de Ronda, 49. 15011	881 960 235	E.S.O. BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais - Música e Artes Escénicas - Xeral
I.E.S. URBANO LUGRÍS www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugris ies.urbano.lugris@edu.xunta.gal	Avda. Arteixo, 128. 15007	881 960 715	E.S.O. BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais

Centros privados ESO e Bacharelato na Coruña

© Concertado

COLEXIO	ENDEREZO	TELÉFONO	OFERTA EDUCATIVA
CPR CALASANCIAS www.colexiocalasancias.com cpr.calasancias@edu.xunta.gal	Estrada dos Fortes, 11. 15011	981 256 430	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR CALASANZ – PP ESCOLAPIOS www.escolapiosacoruna.com cpr.calasanz.escolapios@edu.xunta.gal	Estrada dos Fortes, 10. 15011	981 253 684	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR COMPAÑÍA DE MARÍA www.ciamariacoruna.org info@ciamariacoruna.org	Avda. Calvo Sotelo, 2. 15011	981 250 350	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR CRISTO REY www.maristasacoruna.org cpr.cristorey.coruna@edu.xunta.gal	R/ Lugar de Elviña, 149. 15009	981 287 530	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR EIRIS www.eiris.edu.es info@eiris.edu.es	R/ Castañón de Eirís, 1. 15009	981 284 400	E.S.O. BACHARELATO: - Artes Plásticas, Imaxe e Deseño - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR ESCLAVAS SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS acoruna.esclavasscj.com cpr.esclavas.jesus@edu.xunta.gal	Paseo de Ronda, 57. 15011	981 251 800	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR FOGAR DE SANTA MARGARIDA www.fhsm.es secretaria@fhsm.es	R/ Valle Inclán, 3. 15011	981 251 090	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR LA GRANDE OBRA DE ATOCHA ishnm.com/goatocha secretaria.goatocha@ishnm.com	R/ Baltasar Pardo Vidal, 1. 15001	981 222 542	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR LICEO LA PAZ www.liceolapaz.com info@liceolapaz.net	Avda. Sebastián Martínez Risco, 12. 15009	981 286 122	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Artes Plásticas, Imaxe e Deseño - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais - Música e Artes Escénicas - Xeral
CPR MONTEGRANDE www.colegiomontegrande.es info@colegiomontegrande.es	Avda. de Nueva York, 178. 15008	981 288 554	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR OBRADOIRO www.colegioobradoiro.es secretaria@colegioobradoiro.es	R/ Obreroiro, 49. 15190	981 281 888	E.S.O. BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR PADRES FRANCISCANOS www.cfranciscanos.es secretaria@cfranciscanos.es	Avda. Calvo Sotelo, 41. 15004	981 262 606	E.S.O. ☉
CPR PEÑARREDONDA www.fomento.edu/penarredonda penarredonda@fomento.edu	R/ Xenebra, 3. 15009	981 286 277	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR SAGRADO CORAZÓN sagradocorazonacoruna.anamogas.org cpr.sagrado.corazon.coruna@edu.xunta.gal	R/ M ^a Ana Mogas Fontcuberta, 9. 15008	981 293 250	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR SALESIANO SAN JUAN BOSCO colegio.salesianoscoruna.es cpr.salesiano.juanbosco@edu.xunta.gal	R/ Hospital, 14. 15003	981 203 550	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR SANTA MARÍA DEL MAR santamariadelmar.es info@csmm.es	Avda. da Pasaxe, 69. 15006	981 283 000	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais
CPR SANTO DOMINGO coruna.fesd.es coruna@fesd.es	Pza. Santo Domingo, 1. 15001	981 205 850	E.S.O. ☉ BACHARELATO: - Ciencias e Tecnoloxía - Humanidades e Ciencias Sociais

Proceso de admisión ESO e Bacharelato

O **alumnado** que **continúa estudos** no centro onde está matriculado ten **garantida** a súa **permanencia** nel e, polo tanto, non precisa dun novo procedemento de admisión.

RESERVA DE PRAZA:

Para alumnado que cambia de etapa (ESO, Bacharelato) e desexa continuar estudos no **centro de adscrición**. *Este alumnado ten prioridade respecto do que non procede de centro adscrito.*

Datas: do 15 de xaneiro ao 4 de febreiro de cada ano.

SOLICITUDE ORDINARIA:

Para alumnado que se incorpora ao sistema educativo ou cambia de centro.

Datas:

- **Antes do 1 de marzo:** sorteo público a efectos de desempate e publicación dos postos escolares vacantes nos centros docentes.
- **Do 1 ao 20 de marzo:** presentación das **solicitudes de admisión**.

** Tanto no caso da reserva ou da admisión, cando o último día do prazo sexa non lectivo prorrogarase até o primeiro día lectivo inmediato seguinte.*

Lugares de presentación:

- ✓ O proceso tramítase mediante a aplicación informática [admisionalumnado](#)
- ✓ A solicitude presentárase preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación informática [admisionalumnado](#) ou a través da sede electrónica <https://sede.xunta.gal> ou de maneira presencial no centro docente indicado en 1º lugar ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- ✓ A solicitude será única e pode conter unha relación de até 6 centros, por orde de preferencia.

NORMATIVA RELACIONADA:

[Decreto 13/2022](#), do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

[Orde do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

[Orde do 26 de maio de 2023](#) pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

+ Máis información:

- Nos propios IES e CPRs
- Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
Edif. Adm. de Monelos, 1º andar. R/ Vicente Ferrer, 2. 15008 - A Coruña
Tel.: 981 184 797 / 981 184 787 / 981 184 778
e-correo: inspeccion.coruna@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/escolarizacioneadmision

Ensinanzas para persoas adultas

Centros públicos e privados de Ensinanzas para persoas adultas: Básicas, ESO e Bacharelato da Coruña

CENTRO	ENDEREZO/TELEFONO	MODALIDADE	ESTUDOS
Centro EPA EDUARDO PONDAL www.edu.xunta.gal/centros/epaedu_ardopondal	Pza. Nª. Señora, s/n. (15007 – A Coruña) tel.: 981 249 010 R/ da Educación, 3 (15011– A Coruña) tel.: 881 960 901	Presencial Presencial Semipresencial Semipresencial	. Ensinanzas básicas iniciais . Educación secundaria para persoas adultas . Bacharelatos: - Ciencias - Humanidades e CC. sociais
CPR AULA NOSA http://aulanosa.es	R/Mosteiro de Caaveiro, 1 (15010 – A Coruña) tel.: 981 250 019 670 966 814 ☎	Presencial	. Ensinanzas básicas iniciais . Educación secundaria para persoas adultas
IES EUSEBIO DA GUARDA www.edu.xunta.es/centros/ieseusebio_guarda	Pza. de Pontevedra, 20 (15003 – A Coruña) tel.: 881 960 060/061	Presencial	. Educación secundaria para persoas adultas . Bacharelatos: - Ciencias - Humanidades e CC. sociais

EPA (Educación e promoción de persoas adultas)

CPR (Centro privado)

IES (Instituto de educación secundaria)

E.S.O. A DISTANCIA CON TITORÍAS TELEMÁTICAS:

IES San Clemente

R/ San Clemente, s/n. 15705- Santiago de Compostela

Tel.: 881 867 501

www.iessanclemente.net

BACHARELATO A DISTANCIA CON TITORÍAS TELEMÁTICAS:

Modalidades:

- Ciencias
- Humanidades e CC. sociais
- Artes

Sede Central: **IES San Clemente** www.iessanclemente.net

Matrícula e exames na Coruña: Centro **EPA EDUARDO PONDAL**

PRAZOS: o prazo de solicitude e matrícula adoita comezar a principios do mes de **setembro**.

LUGARES DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

Nos centros de educación e promoción de adultos (EPA) e nos IES con oferta educativa para persoas adultas.

Para **ESO** a DISTANCIA CON **TITORÍAS TELEMÁTICAS:** no IES San Clemente.

Para o **BACHARELATO** A DISTANCIA CON **TITORÍAS TELEMÁTICAS:**

- **De xeito preferente** vía web, na páxina <https://matricula.iessanclemente.net>, achegando a continuación por correo a documentación necesaria ao IES San Clemente para a súa formalización.
- Poderanse recoller tamén matrículas de xeito presencial no IES San Clemente e nos centros EPA (na Coruña: **EPA Eduardo Pondal**).

+ INFORMACIÓN: www.edu.xunta.gal/portal/ea

Probas para a obtención do título de educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaioito anos

Cada ano publícase a convocatoria no Documento Oficial de Galicia, DOG, a finais de xaneiro.

REQUISITOS:

- **Ser maior de 18 anos ou facer esa idade no ano en que se convoca a proba.**
- Non estaren en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
- **Non estar nin ter estado a cursar ensinanzas de educación secundaria obrigatoria ordinaria nin de formación profesional básica** no curso en que se convoca a proba, agás as persoas matriculadas durante ese curso na **educación secundaria para persoas adultas**, que poderán inscribirse nas probas **se previamente** cumpren as seguintes condicións:
 - Ter solicitado a baixa nas ensinanzas do segundo cuatrimestre.
 - Así mesmo, para acudir á primeira convocatoria, as persoas con ámbitos do primeiro cuatrimestre sen superar deberán renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

ESTRUTURA DA PROBA:

A proba organizarase en tres sesións, correspondentes a cada un dos seguintes ámbitos de coñecemento:

- **Ámbito científico-tecnolóxico**, no que se integran os aspectos básicos do currículo referidos ás materias de Física e Química, de Bioloxía e Xeoloxía, de Matemáticas, e de Tecnoloxía e Dixitalización.
- **Ámbito social**, no que se integran os aspectos básicos do currículo referidos ás materias de Xeografía e Historia, e de Educación en Valores Cívicos e Éticos.
- **Ámbito da comunicación**, no que se integran os aspectos básicos do currículo referidos ás materias de Lingua Galega e Literatura, de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Estranxeira (inglés ou francés).

DESENVOLVEMENTO DA PROBA:

Dúas convocatorias ao ano. En sesións de mañá e tarde.

- **1ª convocatoria:** finais de marzo ou principios de abril.
- **2ª convocatoria:** principios de xuño.

MATRÍCULA:

- **1ª convocatoria:** finais de xaneiro principios de febreiro.
- **2ª convocatoria:** finais de marzo principios de abril.

* As persoas matriculadas para a 1ª convocatoria que non superen a totalidade dos ámbitos da proba consideraranse matriculadas para a 2ª convocatoria sen que teñan que presentar nova documentación.

As solicitudes de inscrición deberán presentarse **presencialmente nos centros educativos sinalados** ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/> (código de procedemento ED540A), dirixido á Dirección Xeral de Formación Profesional da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Na Coruña: EPAPU Eduardo Pondal, rúa da Educación, 3, 2º. 15011- A Coruña. Tel.: **881 960 901**

LUGARES REALIZACIÓN PROBA: constituiranse sedes para a realización da proba nas seguintes localidades: A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo. A relación dos centros educativos que actúen como **sedes de exame publicaranse xunto coa lista de persoas admitidas e excluídas**.

+ INFORMACIÓN:

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional
Departamento Xefatura territorial da Coruña. Edificio Administrativo de Monelos
R/ Vicente Ferrer, 2. 15008 – A Coruña
Tel.: 981 184 700 / 981 184 731
e-correo educadultos@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/portal/ea/obtencion-de-titulos

Proba para a obtención do título de bacharelato para persoas maiores de vinte anos

CONVOCATORIA:

O órgano directivo con competencias en materia de educación de persoas adultas convocará mediante resolución **polo menos 1 proba anual**. A resolución será publicada no Diario Oficial de Galicia, *DOG*.

Na resolución pola que se convoque a proba indicaranse:

- As **modalidades e vías** de bacharelato convocadas.
- O **procedemento e o prazo** de presentación das **solicitudes de inscrición**.
- A **data e o lugar de realización da proba**.
- O **horario** dos diferentes exercicios.
- As **normas** para a realización da proba etc.

REQUISITOS:

- Ser maior de **20 anos** ou cumprir esa idade no ano natural en que se realiza a proba.
- Non estar en posesión do título de bacharel en ningunha das súas modalidades nin estar en posesión de calquera outra titulación declarada equivalente para os efectos académicos.
- Non estar a cursar ensinanza de bacharelato en ningunha das súas modalidades ou réximes nin ter estado matriculado nestas ensinanzas no curso escolar en que se realice a proba.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA PROBA:

A proba organizarase de xeito **diferenciado** segundo as distintas **modalidades ou vías de bacharelato** e constará de **2 exercicios**:

1º EXERCICIO: exames correspondentes a **materias comúns** a todas as modalidades de bacharelato.

2º EXERCICIO: exames correspondentes a **materias específicas** de cada modalidade ou vía.

Cada exame poderá englobar máis dunha materia.

Os contidos dos exames terán como referente os aspectos básicos do currículo do Bacharelato.

A proba realizarase nos **centros públicos docentes** determinados anualmente.

ADAPTACIÓNS DA PROBA:

As persoas con **necesidades educativas especiais** que acrediten estar en situación de discapacidade (igual ou superior ao 33%) poderán solicitar a adaptación do acceso, dos medios, dos procedementos e do tempo de realización da proba, así como recursos adicionais para a desenvolver.

CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN DA PROBA:

A cualificación de **cada un dos exames** de que consta cada exercicio expresarase mediante cualificación numérica de 0 a 10 puntos sen decimais. Considerarase **superado un exame** cando a puntuación obtida nel sexa **igual ou superior a 5 puntos**.


Cada exercicio da proba considerarase superado cando a **media aritmética das cualificacións obtidas nos exames** que o compoñen sexa **igual ou superior a 5 puntos** e se obteña un **mínimo de 4 puntos en cada un deles**.

A proba considerarase **superada** cando se superen os 2 exercicios que a compoñen.

+ INFORMACIÓN: www.edu.xunta.gal/portal/ea/obtencion-de-titulos

Formación Profesional

Graos e modalidades



A [Lei Orgánica 3/2022](#), de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional pretende dotar ao sistema de FP dunha maior flexibilidade e opcións de continuidade que permitan avanzar máis facilmente na aprendizaxe mediante itinerarios formativos personalizados, adaptados aos intereses e necesidades de cada persoa.

É función do Sistema de Formación Profesional o desenvolvemento persoal e profesional da persoa, a mellora continuada da súa cualificación ao longo de toda a vida e a garantía da satisfacción das necesidades formativas do sistema produtivo e do emprego.

Para iso, ademais de clasificar as ensinanzas de FP en **niveis e familias**, o novo modelo organízase en **cinco graos ascendentes** (A, B, C, **D** e **E**), en función da amplitude dos contidos e da cantidade de elementos ou estándares de competencia que permita desenvolver cada formación:

Graos A. Acreditación parcial de competencias

Estas microacreditacións son a oferta elemental do Sistema de Formación Profesional. Do mesmo xeito que os graos B e C, son unha **oferta parcial e acumulable**. Cada acreditación parcial pode incluír un ou varios elementos de competencia dun módulo profesional contemplado no Catálogo Modular de Formación Profesional.

Graos B. Certificado de Competencia

Oferta **parcial e acumulable**. Cada certificado de competencia coincide cun módulo profesional incluído no Catálogo Modular de Formación Profesional. Pódese obter un **certificado de competencia** (Graos B1, B2 ou B3) por **acumulación** de varias acreditacións parciais (Grao A).

Graos C. Certificado Profesional

Oferta parcial e acumulable, composta por varios módulos profesionais do Catálogo Modular de Formación Profesional. Con el obtéñense uns coñecementos que teñen significación no mercado laboral. Pódese obter un **certificado profesional** (Grao C1, C2 ou C3) por **acumulación** de varios certificados de competencia (Graos B).

Graos D. Ciclos Formativos

Son a principal oferta do Sistema de Formación Profesional. Están compostos por módulos e a súa oferta está baseada no Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais e no Catálogo Modular de Formación Profesional. Pódese obter un título de Técnico/a Básico (D1), Técnico/a (D2) e/ou Técnico/a Superior (D3) por **acumulación** de varios certificados profesionais (Graos C).

Graos E. Cursos de Especialización

Cursos que complementan e profundan nas competencias profesionais. Para quen xa teñan un título de Formación Profesional de grao medio (D2) ou superior (D3). Tamén, dependendo de cada curso, poderían acceder persoas sen esas titulacións cumprindo uns requisitos de acceso (titulación diferente, proba de capacidade e/ou experiencia...). Tras superar un curso de especialización obtense o título de **Especialista** ou o de **Máster** de Formación Profesional.

Formación profesional básica

Son ciclos formativos de grao básico, con carácter xeral, os vinculados a estándares de competencia de **nivel 1** do Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais.

A duración dos ciclos de formación profesional básica será de 2.000 horas, equivalentes a **2 cursos** académicos a tempo completo.

Os ciclos formativos de grao básico facilitarán a adquisición das competencias de educación secundaria obrigatoria a través de ensinanzas organizadas nos seguintes ámbitos e proxecto:

- **Ámbito de Comunicación e Ciencias Sociais**, que incluírá as seguintes materias: Lingua Galega, Lingua Castelá, Lingua estranxeira de iniciación profesional e Ciencias Sociais.
- **Ámbito de Ciencias Aplicadas**, que incluírá as seguintes materias: Matemáticas Aplicadas e Ciencias Aplicadas.
- **Ámbito Profesional**, que incluírá polo menos a formación necesaria para obter un certificado profesional de Grao C vinculado a estándares de competencia de nivel 1 do Catálogo Nacional de Estándares de Competencias Profesionais.
- **Proxecto** anual de aprendizaxe colaborativa vinculado aos tres ámbitos anteriores.

Estes ciclos poderán incluír, ademais, outros complementos de formación que contribúan ao desenvolvemento das competencias da **educación secundaria obrigatoria**.

Requisitos de acceso

Alumnado en idade de escolarización obrigatoria

O alumnado en idade de escolarización obrigatoria ten que cumprir os requisitos de acceso establecidos no artigo 90 do Real decreto 659/2023. Por tanto, para acceder aos ciclos formativos de grao básico terá que cumprir **simultaneamente** as seguintes condicións:

- Ter feitos **15** anos ou facelos durante o ano natural en curso.
- Ter cursado o **3º** curso da ESO ou, excepcionalmente e a criterio do equipo docente e o responsable da orientación no centro, o **2º** curso de educación secundaria obrigatoria.
- Ser obxecto de proposta ou solicitar por petición propia, xunto cos pais, as nais ou persoas titoras legais, a incorporación a un ciclo formativo de grao básico, cando o perfil vocacional do alumno ou da alumna así o aconselle.

Deste xeito, dentro do grupo de alumnado en idade de escolarización obrigatoria temos dous subgrupos.

– Alumnado procedente de 2º de ESO proposto polo centro educativo para a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico.

– Alumnado procedente de 3º ou 4º de ESO que solicita por petición propia, xunto cos seus pais, nais ou persoas titoras, a incorporación a un ciclo formativo de grao básico.

Alumnado en idade de escolarización non obrigatoria

As persoas en idade de escolarización non obrigatoria poden solicitar a súa incorporación a un ciclo formativo de formación profesional básica se cumpren os seguintes requisitos:

- Que fagan 17, 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo, con independencia de que estivesen ou non escolarizadas no curso escolar anterior.
- Que non estean en posesión dun título de formación profesional nin de ningún outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.

PROCESO DE ADMISIÓN:

No caso de **alumnado que estea a cursar ensinanzas da ESO** que sexa proposto polo equipo docente para incorporarse a un ciclo de grao básico e que teña o consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais, **será o centro de orixe** o encargado de recoller e cargar os datos da solicitude de admisión na aplicación informática. O centro entregará un **resguardo** da solicitude ás persoas solicitantes e aos seus representantes legais.

No caso de **alumnado de FP básica repetidor, 1º ou de 2º curso, ou que promociona a 2º curso** a solicitude será presentada no centro onde está matriculado no curso actual.

No resto dos casos (alumnado con 17, 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo, con independencia de que estivesen ou non escolarizadas no curso escolar anterior) presentarán unha única solicitude de admisión e matrícula, asinada pola persoa solicitante (se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinada por calquera dos/das titulares da patria potestade ou representantes legais) no centro no que pretendan ser admitidos.

DATAS: 2ª quincena do mes de xuño.

Titulación

Ao rematar obtense o **título profesional básico na especialidade correspondente**. Inclúe alomenos unha cualificación profesional básica completa de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Adicionalmente, obtérase o **título de graduado en educación secundaria obrigatoria**.

O alumnado que finalicen os seus estudos sen obter o título de técnico básico, recibirán a **certificación académica dos módulos profesionais superados** que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Opcións ao finalizar

Este título permite o [acceso a calquera ciclo formativo de grao medio](#).

+ Información

www.edu.xunta.es/fp/fpbasica

Centros que ofertan de Ciclos Básicos de FP na Coruña

CENTRO	CICLOS
CENTROS PÚBLICOS	
CIFP PASEO DAS PONTES R/ San Pedro de Mezonzo, 4. 15004 Tel.: 881 961 030 cifp.paseodaspontes@edu.xunta.gal https://paseodaspontes.gal	- Aloxamento e lavandaría - Arranxos e reparación de artigos téxtiles e de pel - Tapizaría e cortinaxe
CIFP SOMESO R/ Somo, 6. 15008 Tel.: 881 880 001 cifp.someso@edu.xunta.gal https://cifpsomeso.edu.es	- Carpintaría e moble - Fabricación e montaxe - Mantemento de vehículos - Peiteado e estética - Reforma e mantemento de edificios
IES FERNANDO WIRTZ SUÁREZ R/ Caballeros, 1. 15006 Tel.: 881 960 260 ies.fernando.wirtz@edu.xunta.gal www.fernandowirtz.com	- Informática e comunicacións
IES ROSALÍA MERA R/ A. M. Huntington, 24. 15011 Tel.: 981 252 600 ies.rosaliamera@edu.xunta.gal http://iesrosaliamera.gal	- Artes gráficas - Carpintaría e moble - Fabricación e montaxe
IES URBANO LUGRÍS Avda. Arteixo, 128. 15007 Tel.: 881 960 715 ies.urbano.lugris@edu.xunta.gal www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugris	- Electricidade e electrónica - Informática de oficina
CENTROS PRIVADOS	
CPR AULA NOSA R/ Mosteiro de Caaveiro, 1. 15010 Tel.: 981 250 019 cpr.aula.nosa@edu.xunta.gal www.aulanosa.es	- Informática de oficina ©
CPR FOGAR DE SANTA MARGARIDA R/ Valle Inclán, 1. 15011 Tel.: 981 251 090 cpr.fogar.santamargarida@edu.xunta.gal www.fhsm.es	- Servizos comerciais ©
CPR LA GRANDE OBRA DE ATOCHA R/ Baltasar Pardo Vidal, 1. 15001 Tel.: 981 222 542 cpr.grandeobra.atocha@edu.xunta.gal www.lagrandeobradeatocha.com	- Servizos administrativos ©
CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES Praza Ángel Ron Fraga (médico), 9. 15004 Tel.: 981 259 006 cpr.nebrija@edu.xunta.gal www.cprnebrija.es	- Informática e comunicacións © - Servizos administrativos ©

© Concertado

Centros que ofertan Programas Formativos de Formación Profesional Básica na Coruña

CENTRO	PROGRAMA FORMATIVO
CEE MARÍA MARINHO As Xubias, 16. 15006 Tel.: 881 961 106 cee.maria.marinho@edu.xunta.gal www.edu.xunta.gal/centros/ceemariamarinho	- PFB Cociña - PFB de Lavandaría - PFB de Reprografía - PFB de Xardinaria e viveirismo
CEE NOSA SEÑORA DO ROSARIO R/ Ronda Camilo José Cela, 2. 15008 Tel.: 881 961 070 cee.nosasehora.rosario@edu.xunta.gal www.edu.xunta.gal/centros/ceenosasehorarosario	- PFB de Actividades domésticas - PFB de Estética - PFB de Limpeza de edificios - PFB de Peiteado

Ciclos formativos de grao medio

Os ciclos formativos de grao medio teñen unha duración de 2 anos escolares (2.000 horas), estrutúranse en módulos formativos. Todos os ciclos inclúen unha **fase de formación en empresa** u organismo equiparado como parte integrada do currículo do ciclo formativo.

Requisitos de acceso

Debes cumprir algún dos seguintes requisitos:

Ter algún dos seguintes títulos:

- Título de **Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria** o de un nivel académico superior.
- Título Profesional Básico.
- Título de Técnico/a o de Técnico/a Auxiliar o equivalente a efectos académicos.

Ter superado:

- Unha oferta formativa de Grao C incluída no ciclo formativo.
- Un curso de formación específico preparatorio e gratuíto para o acceso a ciclos formativos de grao medio en centros expresamente autorizados pola Administración educativa.
- Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio.
- 2º de BUP até cun máximo de 2 materias pendentes.
- Proba de acceso á Universidade para maiores de 25 anos (a superación das probas de acceso á Universidade para maiores de 40 e 45 anos non é un requisito válido para acceder a FP).

Titulación

Superado un ciclo de grao medio obtense o título de Técnico ou Técnica (educación secundaria postobrigatoria).

Opcións ao finalizar

Saídas laborais

A obtención do título de técnico ou técnica permite a incorporación da persoa ao mercado laboral.

O exercicio da profesión dunha persoa titulada de formación profesional comporta o desempeño cualificado dunha actividade nun campo profesional, que pode ser executada de xeito autónomo e que pode levar consigo a asunción de responsabilidades dentro dunha organización produtiva.

Nos [currículos de cada ciclo formativo](#) descríbese o contorno profesional onde a persoa titulada pode exercer o seu labor, ademais de indicarse as ocupacións e os postos de traballo máis salientables para exercer a súa profesión.

O título é equivalente a efectos **laborais** ao título de bacharelato.

Saídas académicas

Ao finalizar un ciclo formativo de grao medio pódese acceder directamente a calquera ciclo de grao medio ou de **grao superior**. Tamén é posible obter o título de bacharel na **modalidade Xeral** mediante a superación das materias comúns.

Proba de acceso aos ciclos medios para maiores de 17 anos

Poderán participar aquelas persoas que **non cumpran os requisitos académicos** esixidos para acceder aos C. M. e teñan cumpridos **17 anos** ou os cumpran no ano de realización da proba.

Estrutura

A **proba é común para todos os ciclos formativos de grao medio**.

Consta de **tres partes**:

a) Parte sociolingüística. Organízase en tres probas:

- Lingua Castelá.
- Lingua Galega.
- Ciencias Sociais.

- b) Parte matemática.** Organízase nunha única proba:
- Matemáticas.
- c) Parte científico-técnica.** Organízase en dúas probas:
- Ciencias da Natureza.
 - Tecnoloxía.

+ Información

www.edu.xunta.gal/fp

www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-medio

www.todofp.es

Ciclos formativos de grao superior

Os ciclos formativos de grao superior, na súa maioría, teñen unha duración de 2 anos escolares (2.000 horas), estrutúranse en módulos formativos. Todos os ciclos inclúen unha **fase de formación en empresa** u organismo equiparado como parte integrada do currículo do ciclo formativo; e un módulo de **proxecto** que ten por finalidade a integración efectiva dos aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais, xunto con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

Requisitos de acceso

Debes cumprir algún dos seguintes requisitos:

Ter algún dos seguintes títulos:

- **Título de Bacharelato.**
- Título de Técnico/a (D2 Grao Medio).
- Título de Técnico/a Superior, Técnico Especialista ou equivalente a efectos académicos.
- Técnica o Técnico en Artes Plásticas e Deseño.
- Titulación Universitaria.

Ter superado:

- 3º de BUP.
- COU, curso de orientación universitaria.
- Proba de acceso a ciclos formativos de grao superior.
- Proba de acceso á Universidade para maiores de 25 anos (a superación das probas de acceso á Universidade para maiores de 40 e 45 anos non é un requisito válido para acceder a FP).

Titulación

Superado un ciclo de grao superior obtense o título de Técnico ou Técnica Superior (educación superior).

Opcións ao finalizar

Saídas laborais

A obtención do título de técnico superior ou técnica superior permite a incorporación da persoa ao mercado laboral.

O exercicio da profesión dunha persoa titulada de formación profesional comporta o desempeño cualificado dunha actividade nun campo profesional, que pode ser executada de xeito autónomo e que pode levar consigo a asunción de responsabilidades dentro dunha organización produtiva.

Nos [currículos de cada ciclo formativo](#) descríbese o contorno profesional onde a persoa titulada pode exercer o seu labor, ademais de indicarse as ocupacións e os postos de traballo máis salientables para exercer a súa profesión.

Saídas académicas

Ao finalizar un ciclo formativo de grao superior pódese acceder a calquera ciclo de grao medio ou de grao superior.

Tamén se pode acceder a **calquera ensinanza universitaria de grao**, de modo directo, sen necesidade de

proba. Se o grao universitario tivese limitación de prazas o acceso farase tendo en conta a **nota media** do ciclo formativo.

Proba de acceso aos ciclos superiores para maiores de 19 anos

Poderán participar aquelas persoas que **non cumpran os requisitos académicos** esixidos para acceder aos C. S. e teñan **19 anos** ou os fagan no ano de realización da proba.

Estrutura

Estrutúrase en **dúas partes**: común e específica.

a) Parte COMÚN. Organízase en tres probas:

- LINGUA GALEGA.
- LINGUA CASTELÁ.
- MATEMÁTICAS.

b) Parte ESPECÍFICA:

- Organízase en tres opcións, **A, B e C** en función das familias profesionais.
- A persoa, no momento de formalizar a solicitude de inscrición na proba, elixirá **unha única opción** (A, B ou C) e, dentro da opción elixida, escollerá **dúas materias**, das tres ofertadas.

OPCIÓN	MATERIAS A ELIXIR	FAMILIAS PROFESIONAIS E CICLOS
A	- ECONOMÍA DA EMPRESA - LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS OU FRANCÉS) - FILOSOFÍA	- Administración e Xestión - Comercio e Márketing - Hostalaría e Turismo - Servizos Socioculturais e á Comunidade - <i>CS de Producción de audiovisuais e espectáculos</i> (da familia profesional de Imaxe e Son)
B	- DEBUXO TÉCNICO - TECNOLOXÍA INDUSTRIAL - FÍSICA	- Artes Gráficas - Edificación e Obra Civil - Electricidade e Electrónica - Enerxía e Auga - Fabricación Mecánica - Industrias Extractivas - Informática e Comunicacions - Instalación e Mantemento - Imaxe e Son (agás o ciclo de <i>Producción de audiovisuais e espectáculos</i>) - Madeira, Moble e Cortiza - Marítimo-Pesqueira (agás o ciclo de <i>Acuicultura</i>) - Transporte e Mantemento de Vehículos - Téxtil, Confección e Pel - Vidro e Cerámica
C	- CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS - QUÍMICA - BIOLOXÍA	- Agraria - Actividades Físicas e Deportivas - Imaxe Persoal - Industrias Alimentarias - <i>CS de Acuicultura</i> (da familia profesional Marítimo-pesqueira) - Química - Seguridade e Medio Ambiente - Sanidade

+ Información

www.edu.xunta.gal/fp
www.todofp.es

www.edu.xunta.gal/fp/acceso-grao-superior

Centros públicos con ciclos medios e superiores en réxime ordinario na Coruña

CENTRO/ ENDEREZO / TELEFONO	FAMILIA PROFESIONAL	CICLO FORMATIVO	GRAO
CIFP ANXEL CASAL-MONTE ALTO R/ Paseo Marítimo, 47. 15002 Tel.: 881 960 122 cifp.anxel.casal@edu.xunta.gal www.cifpanxelcasal.gal	SANIDADE	- Coidados Auxiliares de Enfermaría - Farmacia e parafarmacia - Anatomía patolóxica e citodiagnóstico - Audiología protésica - Dietética - Hixiene bucodental - Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear - Laboratorio clínico e biomédico - Próteses dentais - Radioterapia e dosimetría - Química e saúde ambiental - Atención a persoas en situación de dependencia - Animación sociocultural e turística - Educación infantil - Integración social - Mediación comunicativa	M M S S S S S S S M S S S S
	SEGURIDADE E MEDIO AMBIENTE SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE		
CIFP IMAXE E SON R/ Someso, 6. 15008 Tel.: 981 173 181 cifp.imaxe.son@edu.xunta.gal cifp.eis.gal	IMAXE E SON	- Animación 3D, xogos e contornos interactivos - Iluminación, captación e tratamento de imaxe - Produción de audiovisuais e espectáculos - Realización de proxectos audiovisuais e espectáculos - Son para audiovisuais e espectáculos	S S S S S
CIFP PASEO DAS PONTES R/ San Pedro de Mezonzo, 4. 15004 Tel.: 881 961 030 cifp.paseodaspontes@edu.xunta.gal paseodaspontes.gal	HOSTALARÍA E TURISMO	- Cociña e gastronomía - Servizos en restauración - Dirección de cociña - Dirección de servizos de restauración - Xestión de aloxamentos turísticos - Elaboración de produtos alimentarios - Procesos e calidade na industria alimentaria - Confección e moda - Patronaxe e moda - Vestuario á medida e de espectáculos	M M S S S M S M S S
	INDUSTRIAS ALIMENTARIAS TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL		
CIFP SOMESO R/ Someso, 6. 15008 Tel.: 881 880 001 cifp.someso@edu.xunta.gal cifpsomeso.edu.es	EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL FABRICACIÓN MECÁNICA	- Proxectos de edificación - Proxectos de obra civil - Mecanizado - Soldadura e caldeiraría - Construcións metálicas - Programación da produción en fabricación mecánica - Estética e beleza - Peiteado e cosmética capilar - Estética integral e benestar - Estilismo e dirección de peiteado - Carpintería e moble - Deseño e amoblamento - Carrozaría - Electromecánica de vehículos automóbiles - Automoción	S S M M S S M M S S M M M S
	IMAXE PERSOAL MADEIRA, MOBLE E CORTIZA TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS		
IES A SARDIÑEIRA Avda. Sardiñeira, 41. 15008 Tel.: 881 960 150 ies.sardineira@edu.xunta.gal www.edu.xunta.gal/centros/ies.sardineira	QUÍMICA	- Operacións de laboratorio - Laboratorio de análise e de control de calidade - Química industrial	M S S
IES AGRA DO ORZÁN R/ Alcalde Liaño Flores, s/n. 15010 Tel.: 881 880 080 ies.agra.orzan@edu.xunta.gal centros.edu.xunta.es/ies.agra.orzan	ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS	- Acondicionamento físico - Ensinanza e animación sociodeportiva	S S
IES EUSEBIO DA GUARDA Pza. Pontevedra, 20. 15003 Tel.: 881 960 060 ies.eusebio.guarda@edu.xunta.gal www.edu.xunta.gal/centros/ies.eusebioguarda	HOSTALARÍA E TURISMO	- Axencias de viaxes e xestión de eventos - Guía, información e asistencia turísticas	S S
IES FERNANDO WIRTZ SUAREZ R/ Caballeros, 1. 15006 Tel.: 881 960 260 ies.fernando.wirtz@edu.xunta.gal www.fernandowirtz.com	ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN	- Xestión administrativa - Administración e finanzas - Asistencia á dirección - Sistemas microinformáticos e redes - Administración de sistemas informáticos en rede - Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma - Desenvolvemento de aplicacións web	M S S M S S S
	INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS		
IES RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL R/ Victoria Frdez. España, 2. 15002 Tel.: 981 203 000 ies.menendez.pidal@edu.xunta.gal www.edu.xunta.gal/centros/iesmenendezpidal	COMERCIO E MARKETING	- Actividades comerciais - Comercio internacional - Xestión de vendas e espazos comerciais	M S S
IES ROSALÍA MERA R/ A. M. Huntington, 24. 15011 Tel.: 981 252 600 ies.rosaliamera@edu.xunta.gal iesrosaliamera.gal	ARTES GRÁFICAS	- Impresión gráfica - Preimpresión dixital - Deseño e xestión da produción gráfica - Instalacións eléctricas e automáticas - Mecanizado - Soldadura e caldeiraría - Mecatrónica industrial - Instalación e amoblamento	M M S M M M S M
	ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA FABRICACIÓN MECÁNICA INSTALACIÓN E MANTEMENTO MADEIRA, MOBLE E CORTIZA		
IES URBANO LUGRÍS Avda. Arteixo, 128. 15007 Tel.: 881 960 715 ies.urbano.lugris@edu.xunta.gal www.edu.xunta.gal/centros/iesurbanolugris	ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA INSTALACIÓN E MANTEMENTO	- Instalacións de telecomunicacións - Automatización e robótica industrial - Mantemento electrónico - Sistemas de telecomunicacións e informáticos - Sistemas electrotécnicos e automatizados - Mantemento electromecánico	M S S S S S M

M: Medio **S:** Superior

Centros privados con ciclos medios e superiores en réxime ordinario na Coruña

CENTRO / ENDEREZO / TELEFONO	FAMILIA PROFESIONAL	CICLO FORMATIVO	GRAO
CPR AFUNDACIÓN A CORUÑA R/ Ribadavia, 4. 15007 Tel.: 881 963 018 cpr.afundacion.acoruna@edu.xunta.gal cpr.afundacion.org	ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN INFORMÁTICA E COMUNICACIÓN	- Administración y Finanzas © - Asistencia á dirección © - Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma © - Desenvolvemento de aplicacións web ©	S S S S
CPR ANXELA R/ Francisco Añón, 7. 15010 Tel.: 981 253 025 cpr.anxela@edu.xunta.gal https://anxela.com	IMAXE PERSOAL	- Estética e beleza - Peiteado e cosmética capilar	M M
CPR AULA NOSA R/ Mosteiro de Caaveiro, 1. 15010 Tel.: 981 250 019 cpr.aula.nosa@edu.xunta.gal https://aulanosa.es	INFORMÁTICA E COMUNICACIÓN	- Sistemas microinformáticos e redes - Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma - Desenvolvemento de aplicacións web	M S S
CPR CASTELAO R/ Sinforiano López, 43. 15005 Tel.: 981 243 814 cpr.castelao@edu.xunta.gal www.castelaoofpe.com	COMERCIO E MÁRKETING INFORMÁTICA E COMUNICACIÓN SERV. SOCIOC. E Á COMUNIDADE	- Márketing e publicidade - Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma - Educación infantil - Integración social	S S S S
CPR CERVANTES R/ Ramón del Cueto, 23-2º. 15002 Tel.: 981 204 648 cpr.cervantes.coruna@edu.xunta.gal www.academiacervantes.net	ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN	- Xestión administrativa ©	M
CPR CESFOREM FORMACIÓN Avda. Monelos, 45, baixo. 15009 Tel.: 981 914 862 cpr.cesforem.formacion@edu.xunta.gal https://cesforem.es	SANIDADE	- Coidados auxiliares de enfermaría - Hixiene Bucodental	M S
CPR CFP CESUGA R/ Obradoiro, 57. 15190 Tel.: 981 137 346 cpr.cfp.cesuga@edu.xunta.gal https://cesuga.com	IMAXE E SON	- Animación 3D, xogos e contornos interactivos	S
CPR CHIOS FORMACIÓN Avda. do Exército, 2. 15006 Tel.: 881 872 497 cpr.chios.formacion@edu.xunta.gal https://chiosformacion.es	COMERCIO E MARKETING INFORMÁTICA E COMUNICACIÓN SANIDADE SERV. SOCIOC. E Á COMUNIDADE	- Márketing e publicidade - Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma - Desenvolvemento de aplicacións web - Coidados Auxiliares de Enfermería - Educación infantil	S S S M S
CPR CRISTO REY Lugar de Elviña, 149. 15009 Tel.: 981287530 cpr.cristorey.coruna@edu.xunta.gal https://maristascoruna.org	QUÍMICA	- Planta química ©	M
CPR CRUZ ROJA R/ Médico Devesa Nuñez, 1. 15008 Tel.: 981 169 163 cpr.cruzvermella.coruna@edu.xunta.gal https://fpcruzroja.com	SANIDADE SERV. SOCIOC. E Á COMUNIDADE	- Coidados Auxiliares de Enfermería © - Farmacia e parafarmacia © - Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear © - Laboratorio clínico e biomédico © - Atención a persoas en situación de dependencia ©	M M S S M
CPR EF EDUCACIÓN SANITARIA Avda. de Arteixo, 17-19. 15004 Tel.: 881 964 780 cpr.ef.educacion.sanitaria@edu.xunta.gal https://efbs.edu.es	SANIDADE	- Anatomía patolóxica e citodiagnóstico - Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear - Laboratorio clínico e biomédico	S S S
CPR INFORMATE Marqués de Amboage, 12. 15006 Tel.: 881 914 290 informatecoruna@informateoposiciones.es www.informateoposiciones.es	INFORMÁTICA E COMUNICACIÓN SANIDADE SERV. SOCIOC. E Á COMUNIDADE	- Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma - Dietética - Formación para a mobilidade segura e sustentable	S S S
CPR FOGAR DE SANTA MARGARIDA R/ Valle Inclán, 1. 15011 Tel.: 981 251 090 cpr.fogar.santamargarida@edu.xunta.gal www.fhsm.es	COMERCIO E MARKETING	- Actividades comerciais © - Márketing e publicidade	M S
CPR KARBO R/ Ramón Cabanillas, 2. 15007 Tel.: 981 236 179 cpr.karbo@edu.xunta.gal www.colexio-karbo.com	ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN INFORMÁTICA E COMUNICACIÓN	- Xestión administrativa © - Administración de sistemas informáticos en rede - Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma ©	M S S
CPR LA GRANDE OBRA DE ATOCHA R/ Baltasar Pardoal Vidal, 1. 15001 Tel.: 981 222 542 cpr.grandeobra.atocha@edu.xunta.gal www.lagrandeobradeatocha.com	ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN SERV. SOCIOC. E Á COMUNIDADE	- Xestión administrativa © - Educación infantil ©	M S
CPR LICEO LA PAZ R/ Sebastián Martínez Risco, 12. 15009 Tel.: 981 286 122 cpr.liceo.lapaz@edu.xunta.gal https://liceolapaz.com	ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN COMERCIO E MARKETING INFORMÁTICA E COMUNICACIÓN SANIDADE SERV. SOCIOC. E Á COMUNIDADE IMAXE E SON	- Guía no medio natural e de tempo libre - Acondicionamento físico - Ensinanza e animación sociodeportiva - Administración e finanzas © - Comercio internacional - Transporte e lóxística © - Sistemas microinformáticos e redes - Administración de sistemas informáticos en rede - Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma - Desenvolvemento de aplicacións web - Coidados auxiliares de Enfermería © - Farmacia e parafarmacia - Emerxencias sanitarias © - Dietética - Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear - Educación infantil - Animación 3D, xogos e contornos interactivos	M S S S S M S S S M M M S S S S
CPR NEBRIJA TORRE DE HÉRCULES Praza Ángel Ron Fraga (médico), 9. 15004 Tel.: 981 259 006 cpr.nebrija@edu.xunta.gal www.cprnebrija.es	ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN COMERCIO E MARKETING SANIDADE	- Xestión administrativa © - Actividades comerciais © - Coidados Auxiliares de Enfermería © - Farmacia e parafarmacia ©	M M M M

© Concertado

M: Medio S: Superior

Cursos de especialización

Os cursos de especialización complementan e profundan nas competencias de quen xa dispoñen dun título de formación profesional. Esta formación especializada, especialmente en campos emerxentes da contorna laboral, permite unha formación complementaria a aquelas persoas que xa contan cunha titulación de Formación Profesional, oferta formativa de **grao D**. En función da súa complexidade, poderán ser de **nivel 2** (Grao Medio) ou **nivel 3** (Grao Superior).

Teñen unha duración dun curso escolar, entre 300 e 720 horas.

Alguns dos cursos de especialización inclúen un módulo profesional de Formación en Centros de Traballo (FCT), onde se poñen en práctica os coñecementos que se adquiriron nunha contorna real.

Requisitos de acceso

Só poderán acceder aos cursos de especialización as persoas que cumpran o requisito de estar en posesión dalgunha das titulacións de grao superior, ou de grao medio, de formación profesional recoñecidas para o acceso na normativa que regula cada curso.

Titulación

Ao finalizar estes estudos obterás un **Título de Especialista** para os Cursos de Especialización de Grao Medio e **Título de Máster de Formación Profesional** para os Cursos de Especialización de Grao Superior.

+ Información e oferta

www.edu.xunta.gal/fp
www.todofp.es

Oferta: <https://www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp>

Réximes e modalidades nos estudos de FP

Actualmente, a Formación Profesional pódese cursar por curso completo na **oferta ordinaria**, na modalidade presencial –asistindo diariamente ao centro formativo– ou de **xeito parcial por módulos**, nas modalidades tanto presencial como a distancia.

Oferta ordinaria

A matrícula é por curso completo en 2 cursos académicos con horario de mañá e/ou tarde, segundo o horario establecido por cada centro educativo. A **asistencia** ás clases é **obrigatoria**.

Oferta modular

A oferta modular está destinada ás persoas **maiores de 18 anos**. A matrícula na oferta modular permite que cada persoa deseñe o seu itinerario formativo, combinando o estudo coa actividade labora, as necesidades familiares ou outras actividades, e responde así ás necesidades e aos intereses persoais.

A oferta modular é máis flexible, permite realizar unha matrícula parcial, por módulos individuais, os que máis interese desparten ou os que, segundo as circunstancias persoais, podas asumir e afrontar con éxito.

Dúas modalidades:

- **Modalidade presencial:** na modalidade presencial a **asistencia** ás clases é **obrigatoria**. A xornada lectiva desenvólvese polo xeral en horarios de **tarde-noite** segundo o horario establecido polo centro educativo.
- **Modalidade semipresencial e a distancia:** a asistencia é **obrigatoria** ás **actividades de avaliación**. A asistencia ás titorías e ás actividades formativas presenciais non é obrigatoria pero si recomendable.

Oferta: www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp

Itinerarios formativos na oferta modular

Na ligazón www.edu.xunta.gal/fp/itinerarios-modular pódese consultar información sobre os itinerarios formativos recomendados e a orde en que é preferible cursar os módulos na oferta modular.

Informan dos módulos profesionais que deben ser cursados primeiro que outros, por incluíren contidos ou competencias que son necesarios para cursar con aproveitamento os outros módulos. Tamén informa dos módulos que é mellor cursar de xeito simultáneo, por incluíren contidos ou competencias que se complementan.

Estes itinerarios son orientativos, non son obrigatorios.

Formación Acelerada

A Formación Acelerada ten a finalidade de permitir que as persoas obteñan unha cualificación de xeito rápido, que lles permita o acceso ao emprego nos sectores clave para Galicia nos que existe plena inserción profesional, pero á súa vez que poidan acumular esta formación para obter posteriormente un título.

Esta formación caracterízase por concentrarse nun período curto de tempo, de catro a seis meses, realizándose **dúas edicións** por curso académico: primeira edición **de setembro a xaneiro**, e segunda edición **de xaneiro a xuño**.

Requisitos

- Ter dezaioito anos ou facelos no ano natural no que comece o programa de Formación Acelerada.
- Cumprir os requisitos de acceso ao grao básico, medio ou superior segundo corresponda.

Consulta a oferta: www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp

Formación profesional dual intensiva

A Fp dual intensiva correspóndese co réxime de formación profesional que se realiza alternando a formación no centro de formación profesional ou na empresa u organismo equiparado coa actividade produtiva.

A FP dual intensiva integra os tres piares que sustentan o proceso de formación dun profesional: formación curricular, formación na empresa e formación complementaria (específica para os procesos produtivos da empresa), combinando a asistencia do alumnado ao centro educativo coa formación na empresa.

Os centros e as empresas comparten as responsabilidades formativas para que as ensinanzas profesionais se adecúen ás necesidades do mercado laboral.

O alumnado percibe unha compensación proporcional ao tempo de permanencia na empresa que non foi destinado á formación. Para o seu cálculo, utilizarase a contía establecida no convenio colectivo ou, de non existir, a contía do salario mínimo interprofesional.

Requisitos de acceso

- Ter **18** anos ou facelos no ano natural no que comece o ciclo formativo.
 - * O alumnado que teña **16** anos no momento de incorporación á empresa e que cumpra os requisitos de acceso, poderase matricular nos proxectos de formación profesional dual intensiva nos que, logo de rematado o período ordinario de matriculación no proceso de admisión a estas ensinanzas, queden prazas vacantes e, por tanto, non exista listaxe de espera.
- Cumprir os requisitos de acceso aos ciclos formativos.
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.
- **So para aqueles programas formativos nos que o alumnado estea vinculado mediante contrato**, non ter realizado con anterioridade un contrato de formación en alternancia regulado no artigo 11 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, e cumprir os requisitos na normativa laboral vixente para poder formalizalo.

Con carácter xeral, o proceso de admisión realízase no mes de xuño de cada ano. Realizarase en **2 fases**:

1ª) Presentación da solicitude no **centro educativo**.

2ª) **Selección** do alumnado polo **centro** e a **entidade** colaboradora e **matrícula**.

+ Información e oferta

www.edu.xunta.gal/fp/formacion-profesional-dual-en-galicia

Oferta: www.edu.xunta.gal/fp/oferta-fp

Información xeral de admisión nos ciclos de formación profesional

Para realizar estudos nos centros docentes sostidos con fondos públicos (centros públicos e ciclos concertados) é necesario, ademais de cumprir os requisitos de acceso, participar nun proceso de admisión.

Este proceso establece un sistema de **prioridades na adxudicación** de prazas para cada centro educativo e para cada ciclo formativo (e, de ser o caso, de cada módulo profesional), así como os **prazos** de presentación de solicitudes e de formalización da matrícula.

Cada tipo de oferta, modalidade e grao ten un proceso de admisión diferenciado.

Pasos a seguir para participar no proceso de admisión a ciclos:

1. Durante os **períodos de solicitude establecidos** (cumprindo os requisitos de acceso), utilizar o [asistente informático](#) para xerar unha solicitude web. Adoita comezar na **segunda quincena do mes de xuño**.
2. No caso de ser necesario, levar **dentro do período establecido**, a solicitude web xerada co asistente informático a validar a un centro con oferta de FP sostida con fondos públicos.
3. **Consultar** a resolución provisional de solicitudes.
4. **Reclamar**, cando se atope algún erro na resolución provisional.
5. Consultar resolución definitiva de solicitudes e as de adxudicación nas datas sinaladas no **calendario de admisión**.
6. No caso de ter adxudicación, durante o periodo establecido **matricularse** ou renunciar (a **renuncia** so é necesaria no caso do **régime ordinario**).

+ Información:

www.edu.xunta.gal/fp/admision-fp-25-26

Ensinanzas Deportivas

As ensinanzas deportivas teñen como finalidade:

- preparar ao alumnado para a actividade profesional en relación cunha modalidade ou especialidade deportiva,
- facilitar a súa adaptación á evolución do mundo laboral e deportivo e á cidadanía activa.

Poderánse cursar:

- De forma completa ou parcial por bloques ou por módulos de ensino deportivo.
- En réxime de ensino presencial ou a distancia.

A formación conducente aos títulos de ensinanzas deportivas terá carácter secuencial, de forma que **debe superarse o nivel anterior para poder cursar o seguinte**.

As ensinanzas deportivas estrutúranse en dous graos: **grao medio** e **grao superior**. O **grao medio** organízase en **dous ciclos: inicial e final**. O **grao superior** organízase nun **único ciclo**.

Acceso ás ensinanzas deportivas de grao medio

Terá acceso ao grao medio das ensinanzas deportivas as persoas que cumpran calquera dos seguintes requisitos:

- Para o acceso ao **ciclo inicial ou primeiro nivel de grao medio**, dispoñer do título de **graduado en educación secundaria obrigatoria**, ou equivalente para os efectos académicos, e **superar unha proba de carácter específico**, acreditar méritos deportivos, experiencia profesional ou deportiva ou as tres condicións de forma conxunta.
- Para o **acceso ao ciclo final ou segundo nivel de grao medio**, ter superados os **estudos do ciclo inicial ou primeiro nivel** na correspondente modalidade ou **especialidade deportiva**, e poderase requirir a superación dunha proba de carácter específico ou acreditar un mérito deportivo.
- O alumnado que **non dispoña do título de graduado en educación secundaria obrigatoria**, ou equivalente para os efectos académicos, deberá ter **17 anos** e superar unha **proba de acceso substitutiva do requisito de titulación**, ademais de cumprir os outros requisitos de **carácter xeral e específicos**. A idade mínima establecida deberase cumprir **dentro do ano natural** da realización das probas.

Acceso ás ensinanzas deportivas de grao superior

Terá acceso ao grao superior das ensinanzas deportivas a persoa que cumpra os seguintes requisitos:

- Dispoñer do título de **técnico deportivo na correspondente modalidade ou especialidade** deportiva; poderase requirir, **ademais**, a superación dunha **proba de carácter específico**, acreditar **méritos deportivos, experiencia profesional ou deportiva ou as tres condicións**, de forma conxunta que se poidan establecer na especialidade ou modalidade correspondente, e ter, cando menos, algún dos seguintes títulos, ou outro declarado equivalente para os efectos académicos:
 - Bacharelato.
 - Título de técnico superior.
 - Título universitario.
- O alumnado **que non posúa o título de bacharelato**, ou outro declarado equivalente para os efectos académicos, deberá ter **19 anos**, estar en posesión do **título de técnico deportivo** na correspondente modalidade ou especialidade deportiva, e superar unha **proba de acceso substitutiva do requisito de titulación**. A idade mínima establecida deberase cumprir **dentro do ano natural** da realización da proba.

Titulación

O alumnado que **supere a totalidade das ensinanzas dos ciclos inicial e final de grao medio** nunha determinada modalidade ou especialidade deportiva, obterá o **título de técnico/a deportivo correspondente**.

O alumnado que **supere a totalidade** das ensinanzas do **ciclo de grao superior** dunha determinada modalidade ou especialidade deportiva, obterá o **título de Técnico/a deportivo superior correspondente**.

+ Información e Orde de desenvolvemento da Consellería

Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se desenvolve determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Galicia ([DOG 30/07/2021](#)).

CORRECCIÓN DE ERROS. Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Galicia. ([DOG 19/08/2021](#))

<https://www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/212/all>

<https://educagob.educacionfpydeportes.gob.es/ensenanzas/deportivas.html>

Ensinanzas Artísticas

As ensinanzas artísticas son o conxunto de ensinanzas do sistema educativo que teñen como finalidade proporcionar unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, da danza, a arte dramática, as artes plásticas e o deseño.

Son ensinanzas artísticas:

- As **ensinanzas elementais** de Música e de Danza.
- As **ensinanzas artísticas profesionais**. Teñen esta condición as ensinanzas profesionais de Música e Danza, así como os graos medios e superiores de Artes Plásticas e Deseño.
- As **ensinanzas artísticas superiores**. Teñen esta condición os estudos superiores de Música e de Danza, as ensinanzas de Arte Dramática, as ensinanzas de Conservación e Restauración de Bens Culturais, os estudos superiores de Artes Plásticas.

Ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño

As ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño constitúen unha vía formativa de calidade no ámbito do deseño e as artes plásticas. O seu valor engadido é a formación práctica especializada, non só para dar resposta ao sector produtivo, senón tamén para a preservación e renovación das manifestacións artísticas como medio de expresión e produción cultural e como linguaxe creativa universal imprescindible para o enriquecemento e preservación do patrimonio artístico e cultural.

A oferta formativa das ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño responden as esixencias do mercado laboral, ás necesidades do sector profesional artístico e permiten:

- Prepararte profesionalmente na especialidade artística que elixas.
- Desenvolver de forma práctica a expresión persoal e a creación artística.
- Acceder ao mundo do traballo en boas condicións competitivas.

As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño teñen unha organización **modular**, os seus contidos son especializados e teóricos-prácticos, e inciden especialmente na formación práctica.

As ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño estrutúranse academicamente en dous graos:

- Ciclos formativos de grao medio.
- Ciclos formativos de grao superior.

Ciclos formativos de grao medio de Artes Plásticas e Deseño

Os ciclos formativos de grao medio de Artes Plásticas e Deseño teñen unha duración de dous anos académicos. Comprenden un período de formación no centro educativo ao que se incorpora, no último curso, un módulo de obra final e unha fase de formación práctica en empresas, estudos e talleres.

Requisitos de acceso

PROBA ESPECÍFICA

As persoas que posean o **título de graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria**, ou equivalente a efectos académicos, deberán **superar unha proba específica** que permita demostrar os coñecementos e aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Esta proba adoita convocarse no mes de **maio**, publicándose no Documento Oficial de Galicia, DOG.

ACCESO SEN REQUISITOS ACADÉMICOS

As persoas que non dispoñan do título de graduado en educación secundaria obrigatoria, ou equivalente, deberán ter feitos os **17 anos** e superar a **proba substitutiva de titulación ESO**, ademais da correspondente proba específica.

Esta proba poderase substituír pola acreditación da superación da **proba de acceso a ciclos formativos de grao medio** ou pola parte común da proba de acceso a grao superior de FP, pola proba que substitúe o requisito de titulación para o acceso aos ciclos de grao medio ou de grao superior de ensinanzas deportivas, pola proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, pola proba substitutiva do requisito de titulación para o acceso ás ensinanzas artísticas superiores ou para o acceso as ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño de grao superior, ou pola proba que substitúe o requisito académico de titulación para as ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño de grao medio superada en convocatorias anteriores.

Acceso = proba substitutiva de titulación + proba específica

Esta proba adoita convocarse no mes de **maio**, publicándose no Documento Oficial de Galicia, DOG.

Titulación

A superación dun ciclo de grao medio dá dereito á obtención do título de Técnico ou Técnica de Artes Plásticas e Deseño na especialidade que corresponda.

O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en Artes Plásticas e Deseño poderá obter o título de **bacharelato na modalidade de Artes** mediante a superación das materias comúns.

Opcións ao finalizar

O Técnico/a de Artes Plásticas e Deseño exercerá a súa actividade como profesional independente, asociado en cooperativa, ou en empresas e talleres relacionados coa súa especialidade artística.

+ Información

www.edu.xunta.gal/porta/eea

<https://educagob.educacionyfp.gob.es/ensenanzas/artisticas/artes-plasticas-diseno/ensenanzas-profesionales>

Ciclos formativos de grao superior de Artes Plásticas e Deseño

Os ciclos superiores de Artes Plásticas e Deseño están agrupados en familias profesionais, que ofrecen unha formación de calidade nos diversos campos das artes aplicadas e os oficios artísticos.

Teñen unha duración de dous anos académicos. Comprenden un período de formación no centro educativo que inclúe un módulo integrado e unha fase de formación práctica en empresas, estudos ou talleres.

Requisitos de acceso

Acceso Directo

Estarán **exentos/as** de realizar a **proba específica de acceso** ao grao superior que estea en posesión de:

- **Título de bacharelato, modalidade de Artes**, ou de bacharelato experimental.

- **Título superior de Artes Plásticas ou título superior de Deseño**, nas súas diferentes especialidades, ou títulos declarados equivalentes.
- **Título superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais**, nas súas diferentes especialidades.
- Licenciatura o grao en **Belas Artes, Arquitectura**, enxeñaría técnica en Deseño Industrial ou grao en calquera especialidade de **Deseño Industrial**.

Acceso mediante proba específica

As persoas que posúan o **título de Bacharelato**, ou equivalente a efectos académicos, ou **título de técnica ou técnico de FP** ou título de **técnica ou técnico de Artes Plásticas e Deseño**, deberán superar unha **proba específica** que permita demostrar os coñecementos e aptitudes necesarios para cursar con aproveitamento as ensinanzas de que se trate.

Acceso para o alumnado que non reúna os requisitos académicos

As persoas aspirante que non estean en posesión da titulación requirida deberán ter cumpridos no ano de realización da proba **19 anos**, superar unha **proba que substitúe o requisito de titulación de bacharelato** e superar a correspondente **proba específica**.

Acceso = proba substitutiva de bacharelato + proba específica

Titulación

A superación dun ciclo de grao superior dá dereito á obtención do título de Técnico ou Técnica Superior de Artes Plásticas e Deseño na especialidade cursada.

Opcións ao finalizar

Esta titulación permite o **acceso directo aos estudos superiores** de Deseño, de Artes Plásticas e de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

Así mesmo, permite o acceso a **calquera ensinanza universitaria de grao**, de modo directo, sen necesidade de proba. Se o título universitario tivese limitación de prazas o acceso farase tendo en conta a **nota media** do ciclo superior.

+ Información

www.edu.xunta.gal/portal/eea

www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/110/all

<https://educagob.educacionyfp.gob.es/ensenanzas/artisticas/artes-plasticas-diseno/ensenanzas-profesionales>

Centros ensinanzas profesionais de Artes Plásticas de Deseño en Galicia

CICLOS FORMATIVOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO EN GALICIA			
ESCOLAS DE ARTE E SUPERIORES DE DESEÑO		CICLO FORMATIVO	G
A CORUÑA	EASD PABLO PICASSO R/ Os Pelamios, s/n. 15001- A CORUÑA Tel. 981 225 396 www.eapicasso.com escola.arte.pablo.picasso@edu.xunta.gal	- Dourado, prateado e policromía - Escultura aplicada ao espectáculo - Fotografía - Ilustración ❖ Oferta Modular de Cerámica artística: > Taller de Cerámica I > Taller de Cerámica II ❖ Oferta Modular de Técnicas escultóricas: > Taller de Madeira	S S S S S S S
	EASD MESTRE MATEO R/ Virxe da Cerca, 32. 15703- SANTIAGO DE C. Tel. 981 587 757 www.easd.es escola.arte.mestre.mateo@edu.xunta.gal	- Fotografía - Técnicas escultóricas - Xoiaría artística ❖ Oferta Modular de Dourado, prateado e policromía: > Taller de Dourado e prateado	S S S S S
LUGO	EASD RAMÓN FALCON Paseo dos estudantes, 31. 27002- LUGO Tel. 982 220 790 www.escoladeartelugo.com escola.arte.ramon.falcon@edu.xunta.gal	- Serigrafía artística - Cerámica artística - Fotografía - Gravado e técnicas de estampación	M S S S
OURENSE	EASD ANTONIO FAÍLDE Avda. da Universidade, 18. 32005- OURENSE Tel.: 988 238 365 www.escolarte.com escola.arte.antonio.falide@edu.xunta.gal	- Ebanistería artística - Fotografía - Ilustración	S S S
PONTEVEDRA	CE.ART AULA D (centro privado) R/ Elduayen, 36, 1. 36202- VIGO Tel. 986 213 627 www.aulad.com info@aulad.com	- Gráfica publicitaria - Proxectos e dirección de obras de decoración	S S
	CE.ART ATLÁNTICO (centro privado) Avda. da Ponte, 9. 36215- VIGO Tel. 986 266 058 https://escuelatlantico.com info@escuelatlantico.com	- Procedementos de xoiaría artística	M
	CE.ART TEX-MODA (centro privado) Polígono Tecnolóxico e Loxístico. Valadares, Área Tex-Vigo R/C, Ed. Dotacional, baixo. 36315- VIGO Tel. 986 223 620 / 655 638 866 www.texmoda.es ceart.texmoda@edu.xunta.gal	- Estilismo de indumentaria - Modelismo de indumentaria	S S
	CE.ART MARCOTE (centro privado) Esap Vigo Avda. da Ponte, 80. 36215- VIGO Tel. 986 266 013 esapvigo.com info@esapvigo.com	- Animación - Cómic - Fotografía - Gráfica audiovisual - Gráfica interactiva - Gráfica publicitaria	S S S S S S

Ensinanzas artísticas superiores de Deseño

A finalidade destas ensinanzas é a formación de deseñadoras e deseñadores capaces de concibir e fundamentar un proceso creativo, analizar, xestionar, transmitir valores e difundir cultura e adquirir responsabilidades sociais e ambientais.

A súa duración é de 4 cursos académicos de 60 créditos cada un cun total de 240 créditos ECTS.

Existen 4 especialidades de deseño:

- Deseño de Interiores.
- Deseño Gráfico.
- Deseño de Moda.
- Deseño de Produto.

Requisitos de acceso

Acceso directo

Poderán acceder directamente a estes estudos as persoas que están en posesión dalgún dos títulos de **técnica ou técnico superior de Artes Plásticas e Deseño**. Deberán **formalizar igualmente a súa inscrición**. A porcentaxe de prazas sobre o total das ofertadas en cada especialidade é do 20%.

Acceso mediante proba específica

Para o acceso aos estudos superiores de Deseño requirirase estar en posesión do **título de bacharel**, ou titulación declarada equivalente a efectos académicos, ou ter superado a proba de acceso á universidade para **maiores de 25 anos**, e superar a correspondente **proba específica**, na cal se valorará a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estes estudos. A porcentaxe de prazas sobre o total das ofertadas en cada especialidade é do 80%.

Tamén poderán presentarse a esta **proba específica de acceso** aquelas persoas que, tendo accedido á universidade por unha vía distinta á do bacharelato, acrediten estar en posesión dun **título universitario de licenciado/a ou graduado/a**.

DATAS:

Non hai unha data fixa para as probas. Cada ano publícase a convocatoria (no DOG) na que se recollen as instrucións para o acceso e admisión do alumnado ás EEAASS de Deseño para o seguinte curso. Neta convocatoria de acceso aparece indicadas as datas de realización das probas, de comunicación de cualificacións e de reclamacións. As probas adoitan ser cara finais de xuño ou principios de xullo.

Titulación

O alumnado que superase estes estudos obterá o Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño na especialidade que corresponda, que será equivalente, para todos o efectos, ao título universitario de grao.

+ Información

www.edu.xunta.gal/portal/eea

www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/209/all

<https://educagob.educacionyfp.gob.es/ensenanzas/artisticas/artes-plasticas-diseno/educacion-superior/titulo-superior/titulo-superior-diseno>

Centros de ensinanzas superiores de Deseño en Galicia

A CORUÑA	EASD PABLO PICASSO R/ Os Pelamios, s/n. 15001- A CORUÑA Tel. 981 225 396 www.eapicasso.com	- DESEÑO DE INTERIORES - DESEÑO GRÁFICO
	EASD MESTRE MATEO R/ Virxe da Cerca, 32. 15706- SANTIAGO Tel. 981 587 757 www.easd.es	- DESEÑO DE MODA - DESEÑO DE PRODUTO
LUGO	EASD RAMÓN FALCÓN R/ Paseo dos estudantes, 31. 27002- LUGO Tel. 982 220 790 www.escoladeartelugo.com	- DESEÑO GRÁFICO - DESEÑO DE INTERIORES
OURESNE	EASD ANTONIO FAILDE Avda. da Universidade, 18. 32005- OURENSE Tel. 988 238 365 www.escolarte.com	- DESEÑO DE INTERIORES - DESEÑO GRÁFICO

EASD = Escola de Arte e Superior de Deseño

Ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática

As ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática terán como obxectivo xeral a formación cualificada de profesionais nos ámbitos da interpretación, a dirección escénica, a dramaturxia, a escenografía e aquelas áreas de coñecemento e investigación vinculadas con elas.

Estes estudos organízanse en 4 cursos académicos nos que se cursan un total de 240 créditos ECTS, 60 por curso. Establécense 3 **especialidades**. Calquera das 3 pode ser cursada na **Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, ESADG**.

- Dirección escénica e dramaturxia.
- Escenografía.
- Interpretación.

Requisitos de acceso

Para o acceso aos estudos de Arte Dramática, en calquera das súas especialidades, requirirase estar en posesión do **título de bacharelato** ou título declarado equivalente para os efectos académicos, ou ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, así como a **superación** da correspondente **proba específica de acceso**.

A superación da **proba específica de acceso** faculta unicamente para a participación do/a aspirante no proceso de admisión a estas ensinanzas no curso para o cal son convocadas e realizadas, en calquera dos centros do Estado en que se cursen estas ensinanzas, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazas.

Proba específica de acceso

A proba de acceso ás ensinanzas de Arte Dramática será realizada **por especialidades**.

Constará dunha única proba que comprenderá diferentes exercicios, referidos á especialidade pola que opten as persoas aspirantes.

DATAS:

Cada ano publícase a convocatoria (no DOG). A **ESADG** fai pública toda a información pertinente a través da súa páxina web e nos taboleiros oficiais. As probas, na súa convocatoria ordinaria, adoitan celebrarse a finais do mes de xuño. De quedaren prazas vacantes celébrase unha convocatoria extraordinaria nos primeiros dez días do mes de setembro.

Titulación

Quen superase os ensinos de arte dramática obterán o Título de Grao en Ensinos Artísticos Superiores de Arte Dramática, na especialidade que corresponda, que será equivalente, para todos os efectos, ao título universitario de grao.

+Información

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESADG)

Rúa Poza Cabalo, s/n. 36212- Vigo (Pontevedra) Tel.: 886 121 970 esad.galicia@edu.xunta.gal

www.esadgalicia.com

www.edu.xunta.gal/portal/eea

www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/210/all

<https://educagob.educacionyfp.gob.es/ensenanzas/artisticas/arte-dramatico>

Ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais

A finalidade destas ensinanzas é a consecución dunha formación científico-técnica, humanística e artística de calidade que garanta a cualificación das futuras e futuros profesionais da conservación e a restauración e capacítalles para a actualización e incorporación de novos coñecementos.

Teñen unha duración de 4 cursos académicos de 60 créditos ECTS cada un con un total de 270 créditos ECTS.

A **Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia** ofrece 3 especialidades. Accédese ás especialidades tras realizar os dous primeiros cursos comúns nos que se adquiren coñecementos xerais teórico-prácticos relacionados coa conservación e restauración. As especialidades son:

- [Arqueoloxía.](#)
- [Escultura.](#)
- [Pintura.](#)

Requisitos de acceso

Para o acceso aos estudos de Arte Dramática, en calquera das súas especialidades, requirirase estar en posesión do **título de bacharelato** ou título declarado equivalente para os efectos académicos, ou ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, así como a **superación** da correspondente **proba específica de acceso**.

A superación da proba específica de acceso faculta unicamente para a participación do/a aspirante no proceso de admisión a estas ensinanzas no curso para o cal son convocadas e realizadas, en calquera dos centros do Estado en que se cursen estas ensinanzas, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazas.

Acceso directo: poderá acceder ás ensinanzas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais sen necesidade de realizar a proba específica de acceso quen estea en posesión dun título de **técnico superior de Artes Plásticas e Deseño**. Deberán **formalizar** igualmente a súa **inscrición**. A porcentaxe de prazas sobre o total das ofertadas en cada especialidade é do 20%.

Proba específica de acceso

A **proba específicas de acceso** terá como finalidade valorar a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.

Titulación

O alumnado que superase estes estudos obterán o Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais na especialidade de corresponda, que será equivalente, para todos os efectos, ao título universitario de grao.

+ Información

Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia

Rúa Xeneral Martitegui, s/n. 36002- Pontevedra

Tel.: 886 159 735

escola.conservacion.galicia@edu.xunta.gal

<https://escolaconservacion.gal>

www.edu.xunta.gal/portal/eea

www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/380

<https://educagob.educacionyfp.gob.es/ensenanzas/artisticas/conservacion-restauracion>

Ensinanzas universitarias

Graos, créditos e ámbitos de coñecemento

Os estudos universitarios que conducen á obtención de **títulos oficiais impartidos polas universidades** estrutúranse en **tres ciclos**, denominados respectivamente **Grao, Máster e Doutoramento**.

As **ensinanzas oficiais de Grao**, como **ciclo inicial das ensinanzas universitarias**, teñen como obxectivo fundamental a **formación básica e xeneralista** do e a estudante nas diversas disciplinas do saber científico, tecnolóxico, humanístico e artístico, a través da transmisión ordenada de coñecementos, competencias e habilidades que son propias da disciplina respectiva -ou das disciplinas implicadas-, e que os prepara para o desenvolvemento de actividades de carácter profesional e garante a súa formación integral como cidadáns e cidadás.

En xeral, teñen unha duración de 4 anos ou **240 créditos ECTS**. Excepcionalmente, algúns Graos teñen unha duración superior, como Estudos de Arquitectura, Veterinaria, Odontoloxía e Farmacia (300 créditos ECTS) ou o de Medicina (360 créditos ECTS), e están recoñecidos cun nivel 2 polo MECES (Marco Español de Cualificación para a Educación Superior).

O ECTS ou crédito europeo é a unidade de medida dos estudos. Equivale a 25/30 horas de traballo adicadas a acadar os obxectivos previstos no programa da titulación. Están comprendidas neste cómputo as horas de clase, as de estudo, seminarios, preparación de avaliacións etc.

O título oficial que se obtén ao finalizar os estudos é de **Graduado/a**.

Os graos conteñen materias: de formación básica, obrigatorias, optativas; así como prácticas externas e un traballo fin de grao.

Ámbitos do coñecemento

Todos os graos adscribíense a algún dos **ámbitos de coñecemento**:

- Actividade física e ciencias do deporte.
- Arquitectura, construción, edificación e urbanismo, e enxeñaría civil.
- Bioloxía e xenética.
- Bioquímica e biotecnoloxía.
- Ciencias agrarias e tecnoloxía dos alimentos.
- Ciencias biomédicas.
- Ciencias do comportamento e psicoloxía.
- Ciencias económicas, administración e dirección de empresas, *márketing*, comercio, contabilidade e turismo.
- Ciencias da educación.
- Ciencias ambientais e ecoloxía.
- Ciencias sociais, traballo social, relacións laborais e recursos humanos, socioloxía, ciencia política e relacións internacionais.
- Ciencias da Terra.
- Dereito e especialidades xurídicas.
- Enfermaría.
- Estudos de xénero e estudos feministas.
- Farmacia.
- Filoloxía, estudos clásicos, tradución e lingüística.
- Física e astronomía.
- Fisioterapia, podoloxía, nutrición e dietética, terapia ocupacional, óptica e optometría e logopedia.
- Historia da arte e da expresión artística, e belas artes.
- Historia, arqueoloxía, xeografía, filosofía e humanidades.
- Industrias culturais: deseño, animación, cinematografía e produción audiovisual.
- Enxeñaría eléctrica, enxeñaría electrónica e enxeñaría da telecomunicación.
- Enxeñaría industrial, enxeñaría mecánica, enxeñaría automática, enxeñaría da organización industrial e enxeñaría da navegación.
- Enxeñaría informática e de sistemas.
- Enxeñaría química, enxeñaría dos materiais e enxeñaría do medio natural.
- Matemáticas e estatística.
- Medicina e odontoloxía.
- Xornalismo, comunicación, publicidade e relacións públicas.
- Química.
- Veterinaria.
- Interdisciplinar.

Proba de acceso á universidade (PAU)

A proba de acceso á universidade (PAU) estruturarase en dúas partes, denominadas respectivamente, **fase xeral** e **fase específica**.

Fase xeral

A fase xeral da proba versará sobre as seguintes materias correspondentes ao **2º curso de bacharelato**: Lingua Castelá e Literatura II; Lingua Estranxeira II; Lingua Galega e Literatura II; Historia de España ou Historia da Filosofía, a elección do alumnado no momento da matrícula nas probas, e sobre a materia específica obrigatoria cursada da modalidade:

Fase xeral PAU				
Materias comúns				
▪ Historia de España ou Historia da Filosofía (a elección do alumnado) ▪ Lingua Castelá e Literatura II ▪ Lingua Estranxeira II ▪ Lingua Galega e Literatura II				
Materias específicas obrigatorias de 2º curso da modalidade ou vía cursada				
Artes		Ciencia e Tecnoloxía	Humanidades e Ciencias Sociais	Xeral
Artes Plásticas, Imaxe e Deseño	Música e Artes Escénicas			
Debuxo Artístico II	Análise Musical II ou Artes Escénicas II	Matemáticas II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	Latín II ou Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	Ciencias Xerais

Fase específica

O alumnado que queira **mellorar a súa cualificación de admisión** poderá examinarse dun **máximo de 3 materias**, que elixirá entre as materias de modalidade do **2º curso de bacharelato** e a materia común que non escolleran previamente na fase xeral ao optar entre Historia de España e Historia da Filosofía. Así mesmo, os estudantes poderán examinarse da **materia optativa Segunda Lingua Estranxeira II** nunha das opcións lingüísticas (alemán, francés, inglés, italiano ou portugués) distinta da que cursasen na materia común Lingua Estranxeira II.

Fase específica PAU			
Materia común (a non elixida na fase xeral)	Materias de modalidade obrigatorias (agás a realizada na fase xeral) e de opción (cursadas ou non cursadas)		Materia optativa (cursada ou non cursada)
Historia de España ou Historia da Filosofía	– Análise Musical II – Artes Escénicas II – Bioloxía – Ciencias Xerais – Coro e Técnica Vocal II – Debuxo artístico II – Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño II – Debuxo Técnico II – Deseño – Empresa e Deseño de Modelos de Negocio – Física – Xeografía – Xeoloxía e Ciencias Ambientais	– Fundamentos Artísticos – Grego II – Química – Historia da Arte – Hª da Música e da Danza – Latín II – Literatura Dramática – Matemáticas II – Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II – Movementos Culturais e Artísticos – Tecnoloxía e Enxeñaría II – Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica	– Segunda Lingua Estranxeira II

Para a mellora da nota de admisión terase tamén en consideración a cualificación obtida na **materia obrigatoria de cada modalidade** (Artes Escénicas II, Análise Musical II, Ciencias Xerais, Debuxo Artístico II, Latín II, Matemáticas II e Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II), sempre e cando a cualificación acadada na materia correspondente sexa igual ou superior a 5 puntos.

Cualificación dos exercicios

Cada un dos exercicios das materias que conforman a PAU, tanto da fase xeral como da fase específica, cualifícarase de 0 a 10 puntos con dúas cifras decimais.

A **cualificación da fase xeral** será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada un dos exercicios das materias establecidas nesa fase, expresada nunha escala **de 0 a 10 con até tres cifras decimais** e redondeada á milésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior. Esta cualificación deberá ser **igual ou superior a 4 puntos** para que poida ser tida en conta no acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.

Na **fase específica**, considerarase superado o exercicio da materia cando se obteña una cualificación **igual ou superior a 5 puntos** e se superase ou se supere na mesma convocatoria a fase xeral. En todo caso, se unha persoa non supera a fase xeral, consideraranse non superados os exercicios das materias da fase específica.

As cualificacións das materias superadas na **fase específica terán validez** durante o curso que se inicie inmediatamente despois da superación da proba e nos 2 cursos académicos seguintes a este.

Cualificación de acceso á universidade

Para o alumnado que estea en posesión do **título de bacharel**, a cualificación de acceso á universidade calcularase mediante a **media ponderada do 60 por cento da nota media do título de bacharelato**, calculada sen ter en conta a nota da materia de Relixión, e do **40 por cento da cualificación da fase xeral da PAU**. A cualificación obtida por este procedemento exprésase con **tres decimais**, arredondadas á milésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior.

Entenderase que se cumpren os requisitos de acceso á universidade cando a nota ponderada descrita sexa **igual ou superior a 5 puntos**.

$$\text{CAU} = 0,60 \times \text{NMB} + 0,40 \times \text{NFX} \geq 5$$

Para o alumnado que estea en posesión dun **título de técnica/o superior de formación profesional, técnica/o superior de Artes Plásticas e Deseño, ou técnica/o deportiva/o superior**, a cualificación de acceso á universidade será a **nota do título ou, no caso de que esta non figure nel, a nota media do seu expediente**.

A **cualificación de acceso á universidade terá validez indefinida** para o acceso ás distintas ensinanzas universitarias oficiais de grao.

Nota de admisión á universidade

Para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao en que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas ofertadas, utilizarase para a adxudicación de prazas a **nota de admisión**. Obterase sumando á Cualificación de Acceso á Universidade (CAU) as **dúas mellores cualificacións das materias da fase específica**, tras **ponderalas segundo a súa vinculación cos estudos de grao**. Poderase ponderar tamén a materia obrigatoria de cada modalidade (fase xeral). Estas materias permitirán sumar até **4 puntos** adicionais.

A **nota de admisión** dun/dunha mesmo/a estudante pode variar para cada titulación:

Bacharelato:

$$\text{Nota de admisión} = 0,60 \times \text{NMB} + 0,40 \times \text{NFX} + a \times \text{M1} + b \times \text{M2}$$

Ciclos Superiores:

$$\text{Nota de admisión} = \text{NMC} + a \times \text{M1} + b \times \text{M2}$$

- **NMB** = nota media do bacharelato
- **NMC** = nota media do ciclo formativo
- **NFX** = nota da fase xeral
- **a, b** = parámetros ponderación das materias dos exercicios superados.
- **M1, M2** = cualificación dun máximo de 2 materias superadas (das ponderables).

No caso de acceder ás ensinanzas universitarias desde un ciclo formativo de grao superior é posible ter o **recoñecemento de créditos universitarios**.

+ Información

CiUG, Comisión Interuniversitaria de Galicia: www.ciug.gal

- PAU: <https://ciug.gal/gal/pau>
- Parámetros de ponderación: https://www.ciug.gal/uploads/PDF/2026/Acceso/ponderacions_2026.pdf
- Notas de corte das titulacións do SUG:
<https://www.ciug.gal/uploads/PDF/2025/ACCESO/6948e88e25185198038212notasdecorte2025.pdf>
- Preguntas frecuentes sobre PAU: <https://ciug.gal/gal/faq-pau>
- Preguntas frecuentes sobre acceso: <https://ciug.gal/gal/faq-acceso>

Formación Profesional en Galicia: www.edu.xunta.gal/fp

- Acceso aos estudos universitarios oficiais de Grao: www.edu.xunta.gal/fp/acceso-universidade
- Validacións ciclos superiores de FP e estudos universitarios: www.edu.xunta.gal/fp/validacions-ciclos-superiores-fp-estudios-universitarios

Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades: www.ciencia.gob.es/Universidades

- Que estudar e onde na universidade, **QEDU**: <https://www.ciencia.gob.es/Universidades/QEDU.html>

TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS EN GALICIA		UDC		USC		U VIGO			UNED
RAMA	GRAO	A CORUÑA	FERROL	SANTIAGO	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	VIGO	
Artes e Humanidades	ANTROPOLOXÍA SOCIAL E CULTURAL								•
	BELAS ARTES						•		
	DESEÑO						•		
	ESPAÑOL: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS	•							
	ESTUDOS INGLESES: LINGUA, LITERATURA E CULTURA								•
	FILOLOXÍA APLICADA GALEGA E ESPAÑOLA							•	
	FILOLOXÍA CLÁSICA			•					
	FILOSOFÍA			•					•
	GALEGO E PORTUGUÉS: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS	•							
	HISTORIA			•					
	HISTORIA DA ARTE			•					•
	INGLÉS: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS	•							
	LINGUA E LITERATURA ESPAÑOLAS			•					•
	LINGUA E LITERATURA GALEGAS			•					
	LINGUA E LITERATURA INGLESAS			•					
	LINGUAS E LITERATURAS MODERNAS			•					
	LINGUAS ESTRANXEIRAS							•	
	TRADUCCIÓN E INTERPRETACIÓN (G-I) (E-I) (E-F)							•	
	XEOGRAFÍA E HISTORIA					•			•
Ciencias	XESTIÓN CULTURAL				•				
	XESTIÓN DIXITAL DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN		•						
	BIOLOXÍA	•		•				•	
	BIOQUÍMICA				•				
	BIOTECNOLOXÍA			•					
	CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS					•			
	CIENCIAS AMBIENTAIS					•			•
	CIENCIAS DO MAR							•	
	FÍSICA			•					•
	MATEMÁTICAS			•					•
Ciencias da Saúde	NANOCIENCIA E NANOTECNOLOXÍA	•							
	QUÍMICA	•		•				•	•
	ENFERMARÍA	•*	•	•	•*	•*	•*	•*	
	FARMACIA			•					
	FISIOTERAPIA	•					•		
	LOGOPEDIA	•							
	MEDICINA			•					
	NUTRICIÓN HUMANA E DIETÉTICA				•				
	ODONTOLOXÍA			•					
	ÓPTICA E OPTOMETRÍA			•					
Enxeñaría e Arquitectura	PODOLOXÍA		•						
	PSICOLOXÍA			•					•
	TERAPIA OCUPACIONAL	•							
	VETERINARIA				•				
	ABERTO EN ENXEÑERÍA INDUSTRIAL		•						
	ABERTO USC ENXEÑARÍAS				•				
	ARQUITECTURA TÉCNICA	•							
	CIENCIA E ENXEÑARÍA DE DATOS	•							
	ENXEÑARÍA AEROESPACIAL					•			
	ENXEÑARÍA AGRARIA					•			
	ENXEÑARÍA AGRÍCOLA E AGROALIMENTARIA				•				
	ENXEÑARÍA BIOMÉDICA							•	
	ENXEÑARÍA CIVIL				•				
	ENXEÑARÍA DA AUTOMOCIÓN							•	
	ENXEÑARÍA DA ENERXÍA							•	•
	ENXEÑARÍA DE OBRAS PÚBLICAS	•							
	ENXEÑARÍA DE PROCESOS QUÍMICOS INDUSTRIAIS				•				
	ENXEÑARÍA DE TECNOLOXÍAS DE TELECOMUNICACIÓN							•	
	ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS							•	
	ENXEÑARÍA ELÉCTRICA		•					•	•
	ENXEÑARÍA ELECTRÓNICA INDUSTRIAL E AUTOMÁTICA		•					•	•
	ENXEÑARÍA EN DESEÑO INDUSTRIAL E DESENV. DO PRODUTO		•					•	
	ENXEÑARÍA EN ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL							•	
	ENXEÑARÍA EN QUÍMICA INDUSTRIAL							•	
	ENXEÑARÍA EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN								•
	ENXEÑARÍA EN TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS		•					•	•
	ENXEÑARÍA FORESTAL						•		
	ENXEÑARÍA FORESTAL E DO MEDIO NATURAL				•				
	ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	•		•		•			•
	ENXEÑARÍA MECÁNICA		•				••*	•	•
	ENXEÑARÍA NAVAL E OCEÁNICA		•						
	ENXEÑARÍA QUÍMICA			•					
	ESTUDOS DE ARQUITECTURA	•							
	INTELIXENCIA ARTIFICIAL	•		•		•			
	MÁQUINAS NAVAIS	•							

TITULACIÓNS UNIVERSITARIAS EN GALICIA		UDC		USC		U VIGO			UNED
RAMA	GRAO	A CORUÑA	FERROL	SANTIAGO	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	VIGO	
	NÁUTICA E TRANSPORTE MARÍTIMO	•							
	PAISAXE				•				
	PARS ENXEÑARÍA INFORMÁTICA					•			
	PARS ENXEÑARÍA AEROESPACIAL					•			
	PARS ENXEÑARÍA BIOMÉDICA							•	
	PARS ENXEÑARÍA EN TECNOLOXÍAS DE TELECOMUNICACIÓN							•	
	PARS ENXEÑARÍA EN TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS							•	
	ROBÓTICA				•				
Ciencias sociais e Xurídicas	TECNOLOXÍA DA ENXEÑARÍA CIVIL	•							
	ABERTO EN CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	•							
	ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	•		•	•	•		•	•
	CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN			•					•
	CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE	♦♦					♦♦		
	CIENCIAS EMPRESARIAIS	•							
	CIENCIAS XURÍDICAS DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS								•
	COMERCIO							•	
	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	•		•			•		
	CREACIÓN DIXITAL, ANIMACIÓN E VIDEOXOGOS	•							
	CRIMINOLOXÍA			•					•
	DEREITO	•		•		•		•	•
	DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA						•		
	ECONOMÍA	•		•				•	•
	EDUCACIÓN INFANTIL	•				•	•	•*	•
	EDUCACIÓN PRIMARIA	•				•	•	•*	
	EDUCACIÓN SOCIAL	•		•		•			•
	EMPRESA E TECNOLOXÍA				•				
	MESTRE EN EDUCACIÓN INFANTIL			•	•				
	MESTRE EN EDUCACIÓN PRIMARIA			•	•				
	PEDAGOXÍA			•					•
	PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS						•		
	RELACIÓNS INTERNACIONAIS		♦♦			♦♦			
	RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS	•*	•	•	•*			•	
	SOCIOLOXÍA	•							•
	TRABALLO SOCIAL			•*		•			•
	TURISMO	•				•			•
	XEOGRAFÍA E ORDENACIÓN DO TERRITORIO			•					
	XESTIÓN DE EMPRESAS HOSTALEIRAS			•*					
	XESTIÓN INDUSTRIAL DA MODA		♦♦						
	XORNALISMO			•					
Simultaneidade de Graos	ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS + DEREITO	•				•		•	
	ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS + ENX. INFORMÁTICA					•			
	BIOLOXÍA + QUÍMICA	•		•					
	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL + XORNALISMO			•					
	DEREITO + RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS			•					
	ENX. AGRÍC. E AGROALIMENTAR + ENX. FORESTAL E D. MEDIO NATURAL				•				
	ENX. AGRARIA + CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS					•			
	ENX. AGRARIA + CIENCIAS AMBIENTAIS					•			
	ENX.BIOMÉDICA + ENX. ELECTRÓNICA INDUSTRIAL E AUTOMÁTICA							•	
	ENX.BIOMÉDICA + ENX. MECÁNICA							•	
	ENX. INFORMÁTICA + Cª. E ENXEÑARÍA DE DATOS	•							
	ENX. INFORMÁTICA + MATEMÁTICAS			•					
	ENX. INFORMÁTICA + INTELIXENCIA ARTIFICIAL					•			
	ENX. MECÁNICA + ENX. NAVAL E OCEÁNICA		•						
	ENX. MECÁNICA + ENX. ELECTRÓNICA INDUSTRIAL E AUTOMÁTICA							•	
	ESPAÑOL: EST. LING. E LITER. + GALEGO E PORTUGUÉS: EST. LING. E LITER.	•							
	FARMACIA + ÓPTICA E OPTOMETRÍA			•					
	FÍSICA + QUÍMICA			•					
	INGLÉS: EST. LING. E LITER. + ESPAÑOL: EST. LING. E LITER.	•							
	INGLÉS: EST. LING. E LITER. + GALEGO E PORTUGUÉS: EST. LING. E LITER.	•							
	MATEMÁTICAS + FÍSICA			•					
	MESTRE EDUCACIÓN INFANTIL + MESTRE EDUCACIÓN PRIMARIA			•	•				
	TURISMO + CIENCIAS EMPRESARIAIS	•							
	TURISMO + XEOGRAFÍA E HISTORIA					•			

()* = Centros adscritos ás universidades, poden ter condicións económicas especiais de matrícula.

♦ = Titulacións con requisitos de admisión específicos: probas, idiomas, outros.

Universidade da Coruña

www.udc.gal

Reitoría

A Maestranza, 9. 15001 - A Coruña
Teléfono: 981 167 000

Servizo de Estudantes

Ofrece información sobre as características académicas dos estudos e a admisión nas titulacións oficiais, así como das bolsas, axudas e premios aos que podes acceder, asociacionismo, residencias universitarias etc.

Horario de atención

- Mañá: de 8:30 a 14:30 horas.
- Horario de verán: de 9:00 a 14:00 horas.

Campus Coruña

Pavillón de Estudantes. Campus de Elviña. 15071- A Coruña
Teléfonos: 881 012 900 / 881 012 912 / 881 012 901 / 881 011 356 / 881 011 190 / 881 011 192
E-correo: lerdcoruna@udc.gal

Campus Ferrol

Edificio de Usos Administrativos, 1º andar. R/ Dr. Vázquez Cabrera s/n. Campus Esteiro. 15403- Ferrol
Teléfonos: 881 013 650 / 881 013 672 / 881 013 675
E-correo: lerdfer@udc.gal

www.udc.gal/estudiantes

Universidade de Santiago de Compostela

www.usc.gal

Reitoría

Praza do Obradoiro, s/n. 15782- Santiago de Compostela
Teléfonos: 881 811 000 / 881 812 000

Oficina de Información Universitaria (OIU)

A OIU é o servizo que a Universidade pon a disposición da comunidade universitaria e das persoas alleas á mesma, coa finalidade de canalizar e dar resposta ás demandas informativas sobre a súa organización, funcionamento e actividades.

Con carácter xeral, informa sobre trámites e xestións dos procedementos académicos e de extensión universitaria e colabora na súa difusión, tanto no contorno máis inmediato como organizando ou participando en feiras e eventos de carácter educativo.

Horario de atención

- Mañá: de 9:00 a 14:00 horas.

Campus Santiago

Pavillón Estudiantil, 2º andar. Campus Vida. 15782- Santiago de Compostela
Teléfonos: 881 812 000 / 881 811 000
E-correo: oiu@usc.gal

Campus Lugo

Edificio Biblioteca Intercentros. 27002 Lugo
Teléfonos: 982 823 581 / 982 823 585
E-correo: oiu@usc.gal

www.usc.gal/oiu

Universidade de Vigo

www.uvigo.gal

Reitoría

Edificio Exeria. Campus universitario. 36310 - Vigo
Teléfonos: 986 812 000 / 986 813 590

Sección de Información ao Estudante (SIE)

Horario de atención

- Mañá: de 9:00 a 14:00 horas.

Campus Vigo

Edificio Redeiras
Praza do Berbés, 11. 36202 Vigo
Teléfonos: 986 813 630 / 986 813 755
E-correo: sie@uvigo.gal

Campus Ourense

Área de Servizos a Comunidade
Edif. Administrativo. Campus de Ourense. As Lagoas. 32004 - Ourense
Teléfonos: 988 387 102 / 988 387 089
E-correo: asc-ou@uvigo.gal

Campus Pontevedra

Área de Servizos a Comunidade
Escola de Enxeñaría Forestal. Campus de Pontevedra. 36005 - Pontevedra
Teléfono: 986 801 949
E-correo: asc-po@uvigo.gal

www.uvigo.gal/perfil-estudiantes

Programas de achegamento á universidade

As tres universidades públicas galegas tamén teñen **Programas de Achegamento aos seus Centros para Centros de Ensino** Secundario, que xestionan a través dos Departamentos de Orientación do centros:

- **Achégate á UDC.** www.udc.es/gl/futuros_estudiantes/orientadores que inclúe: "Visita Facultades e Escolas", "Visita os Centros de Investigación da UDC", "Xornadas de Portas Abertas na UDC", Programa "Entra no Futuro"-Charlas embaixadores UDC, ...
- **Programa Ponte** da USC con "Encontros na USC (Lugo e Santiago)" www.usc.gal/gl/servizos/area/xestion-servizos-academicos/acceso-universidade/programa-ponte/encontros-usc-lugo-santiago e "Encontros virtuais na Zona USC" www.usc.gal/gl/encontros-virtuais
- **Ven á UVigo** www.uvigo.gal/es/ven-uvigo/centros-secundaria/orientacion-academica, con Visitas guiadas aos campus, Feiras de Orientación Universitaria (tamén na Coruña), Portas abertas, Xornada de Orientación Universitaria, Charlas informativas xerais e específicas, ...

Universidade nacional de educación a distancia

www.uned.es

Centro Asociado UNED A Coruña

A **Secretaría** constitúe o servizo de información e atención ao público, no que as persoas poden informarse de cantos aspectos incumben á actividade universitaria do Centro Asociado, empezando polos requisitos de acceso ás distintas ensinanzas impartidas na UNED.

É o departamento de **información e atención ao estudiantado** por antonomasia. Nel obtense información sobre como realizar os trámites académicos, a preinscripción, a matrícula, a solicitude de bolsas...

www.acoruna.uned.es

Horario de atención

- De luns a venres de 9:00 a 13:00 e de 16:00 a 19:00 horas.
- Periodo non lectivo: de 9:00 a 13:30 horas.

Centro na Coruña

Rúa Educación, 3. 15011- A Coruña

Teléfonos: 981 145 051

E-correo: info@a-coruna.uned.es

Aula de Ferrol

Rúa María, 52-54. 15402- Ferrol

Teléfonos: 981 364 026

E-correo: info@ferrol.uned.es

Oferta de graos na páxina 45.

Universidade privada en Galicia

Universidade Intercontinental da Empresa

Evolución das máis de tres décadas de experiencia no ámbito da educación superior de Afundación.

Oferta académica de graos

- [Grao en Administración e Dirección de Empresas](#)
- [Grao en Administración de Negocios Dixitais](#)
- [Grao en Enxeñaría en Sistemas Intelixentes](#)
- [Grao en Enxeñaría da Empresa](#)
- [Grao en Psicoloxía](#)
- [Grao en Dereito](#)

Admisión e matrícula

Unha vez recibida a solicitude, terase que realizar as probas de admisión:

- Cuestionario de Habilidades: aptitude espacial, aptitude numérica, razoamento abstracto e aptitude verbal.
- Proba Xeral de Acceso (orientada a analizar as capacidades de expresión escrita e orientación ao mundo da empresa).
- Proba Inglés.
- Entrevista Persoal.

Bolsas e Financiamento

- O alumnado pode beneficiarse das [bolsas e axudas do Ministerio de Educación](#).
- [Bolsas á Excelencia](#): premian a estudantes con alto expediente, independentemente da súa situación económica.
- [Bolsas talento](#): esta modalidade de bolsas ten en conta, ademais do expediente académico, a situación económica.
- [Bolsa Consello Reitor](#): a/o estudante de UIE con mellor nota media ponderada cada semestre obterá unha bolsa para o seguinte semestre polo valor do 100 % da tarifa académica.

+ Información <https://uie.edu>

Páxinas Web das Universidades españolas

Universidades Públicas

	Universidade	web
UAB	Universidade Autónoma de Barcelona	www.uab.cat
UAM	Universidade Autónoma de Madrid	www.uam.es
UCAR	Universidade Carlos III de Madrid	www.uc3m.es
UCM	Universidade Complutense de Madrid	www.ucm.es
UDC	Universidade da Coruña	www.udc.gal
UAH	Universidade de Alcalá (Madrid)	www.uah.es
UA	Universidade de Alicante	www.ua.es
UAL	Universidade de Almería	www.ual.es
UBA	Universidade de Barcelona	www.ub.edu
UBU	Universidade de Burgos	www.ubu.es
UCA	Universidade de Cádiz	www.uca.es
UCN	Universidade de Cantabria	web.unican.es
UCLM	Universidade de Castilla-La Mancha (Ciudad Real)	www.uclm.es
UCO	Universidade de Córdoba	www.uco.es
UEX	Universidade de Extremadura	www.unex.es
UDG	Universidade de Girona	www.udg.edu
UGR	Universidade de Granada	www.ugr.es
UHU	Universidade de Huelva	www.uhu.es
UJA	Universidade de Jaén	www.ujaen.es
ULL	Universidade de la Laguna (Santa Cruz de Tenerife)	www.ull.es
UR	Universidade de la Rioja	www.unirioja.es
ULPGC	Universidade de Las Palmas de Gran Canaria	www.ulpgc.es
ULE	Universidade de León	www.unileon.es
UDL	Universidade de Lleida	www.udl.cat
UMA	Universidade de Málaga	www.uma.es
UMU	Universidade de Murcia	www.um.es
UOV	Universidade de Oviedo	www.uniovi.es
USAL	Universidade de Salamanca	www.usal.es
USC	Universidade de Santiago de Compostela	www.usc.gal
USE	Universidade de Sevilla	www.us.es
UVA	Universidade de Valladolid	www.uva.es
UVI	Universidade de Vigo	www.uvigo.gal
UZA	Universidade de Zaragoza	www.unizar.es
UPV/EHU	Universidade del País Vasco (Bizkaia)	www.ehu.eus
UJI	Universidade Jaume I (Castelló)	www.uji.es
UMH	Universidade Miguel Hernández de Elche	www.umh.es
UPO	Universidade Pablo de Olavide (Sevilla)	www.upo.es
UPCT	Universidade Politécnica de Cartagena	www.upct.es
UPC	Universidade Politécnica de Cataluña (Barcelona)	www.upc.edu
UPM	Universidade Politécnica de Madrid	www.upm.es
UPF	Universidade Pompeu Fabra (Barcelona)	www.upf.edu
UPNA	Universidade Pública de Navarra	www.unavarra.es
URJC	Universidade Rey Juan Carlos (Madrid)	www.urjc.es
URV	Universidade Rovira i Virgili (Tarragona)	www.urv.cat
UIB	Universidade de les Illes Balears	www.uib.cat
UV	Universidade de València	www.uv.es
UPV	Universidade Politécnica de València	www.upv.es

Universidades Privadas

	Universidade	Enderezo web
CUNEF	CUNEF Universidade (Madrid)	www.cunef.edu
ESIC	ESIC Universidade (Madrid)	www.esic.edu
IE	IE Universidade (Segovia)	www.ie.edu
UMON	Mondragón Unibertsitatea (Gipuzkoa)	www.mondragon.edu
UAX	Universidade Alfonso X El Sabio (Madrid)	www.uax.com
UAX Mare Nostrum	Universidade Alfonso X El Sabio Mare Nostrum (Málaga)	www.uax.com/campus-malaga
UANE	Universidade Antonio de Nebrija (Madrid)	www.nebrija.com
UCJC	Universidade Camilo José Cela (Madrid)	www.ucjc.edu
UCH	Universidade Cardenal Herrera-CEU (Valencia)	www.uchceu.es
UCV	Universidade Católica de Valencia San Vicente Mártir	www.ucv.es
UCAM	Universidade Católica San Antonio (Murcia)	www.ucam.edu
UCAV	Universidade Católica Santa Teresa de Jesús de Ávila	www.ucavila.es
UF3CEU	Universidade CEU Fernando III (Sevilla)	uf3ceu.es
UDE	Universidade de Deusto (Bizkaia)	www.deusto.es
UDIT	Universidade de Diseño, Innovación y Tecnología (Madrid)	www.udit.es
UN	Universidade de Navarra	www.unav.edu
UVIC	Universidade de Vic- U. Central de Catalunya (Barcelona)	uvic-ucc.cat
UNAM	Universidade del Atlántico Medio (Las Palmas)	www.universidadatlanticomedio.es
EUN	Universidade Euneiz (Álava)	www.euneiz.com
UE	Universidade Europea de Andalucía (Málaga)	universidadeuropea.com/andalucia
UEC	Universidade Europea de Canarias	universidadeuropea.com/canarias
UEM	Universidade Europea de Madrid	universidadeuropea.com/madrid
UEV	Universidade Europea de Valencia	universidadeuropea.com/valencia
UA	Universidade Europea del Atlántico (Santander)	www.uneatlantico.es
UEMC	Universidade Europea Miguel de Cervantes (Valladolid)	www.uemc.es
UFPC	Universidade Fernando Pessoa-Canarias	ufpcanarias.es
UFV	Universidade Francisco de Vitoria (Madrid)	www.ufv.es
UTE	Universidade Intercontinental da Empresa (A Coruña)	uie.edu
UNIE	Universidade Internacional de la Empresa (Madrid)	www.universidadunie.com
UNINDE	Universidade Internacional para el Desarrollo (Badajoz)	uninde.es
UV	Universidade Internacional Villanueva (Madrid)	www.villanueva.edu
ULA	Universidade Loyola Andalucía (Sevilla)	www.loyola.es
COMILLAS	Universidade Pontificia Comillas (Madrid)	www.comillas.edu
UPSA	Universidade Pontificia de Salamanca	www.upsa.es
URLL	Universidade Ramon Llull (Barcelona)	www.url.edu
USJ	Universidade San Jorge (Zaragoza)	www.usj.es
UCEU	Universidade San Pablo- CEU (Madrid)	www.uspceu.com
UAO	Universitat Abat Oliba- CEU (Barcelona)	www.uaoceu.es
UIC	Universitat Internacional de Catalunya (Barcelona)	www.uic.es

Universidades a Distancia

	Universidade	Enderezo web
UDIMA	Universidade a Distancia de Madrid (privada)	www.udima.es
.h	Universidade de las Hespérides (privada)	hesperides.edu.es
UNIR	Universidade Internacional de La Rioja (privada)	www.unir.net
UI1	Universidade Internacional Isabel I de Castilla (privada)	www.ui1.es
UNED	Universidade Nacional de Educación a Distancia (pública)	www.uned.es
VIU	Universitat Internacional de Valencia (privada)	www.universidadviu.com
UOC	Universitat Oberta de Catalunya (privada)	www.uoc.edu
UTAMED	Universidade Tecnológica Atlántico – Mediterráneo (privada)	utamed.es
TECH	Universidade Tecnológica de las Islas Canarias (privada)	www.techtitude.com

Homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros

Homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros non universitarios

- **Homologación** é a declaración de equivalencia de títulos, diplomas ou estudos estranxeiros con títulos españois para efectos académicos.
- **Validación** é a declaración de equivalencia de estudos estranxeiros por cursos españois para os efectos de continuar estudos nun centro docente español.

Que podo homologar ou validar?

Estudos efectivamente realizados e **títulos ou diplomas obtidos, que teñan validez oficial no sistema educativo estranxeiro**, aos correspondentes títulos académicos españois de educación non universitaria, sempre que a persoa interesada non acadara previamente no sistema educativo español o título cuxa homologación solicita.

Que documentación necesito presentar?

- **Solicitud** de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanza non universitarias. Ten especial coidado á hora de cubrir, xa que é imprescindible que os datos que figuran no DOI coincidan estritamente cos achegados na solicitude de homologación.
 - Documento que acredite a identidade, expedida polas autoridades competentes do país de orixe (documento de identidade, pasaporte etc.)
 - Título ou diploma oficial ou certificado oficial acreditativo da superación completa dos estudos (e exames) finais correspondentes.
 - Certificación acreditativa dos cursos realizados, na que consten as materias seguidas, as cualificacións obtidas e os anos académicos nos que se realizaron os cursos respectivos.
 - **Declaración responsable para a inscrición condicionada** en centro docente e/ou exame oficial (Anexo III da solicitude **cuberto**). É necesario **indicar os estudos que se desexan cursar**, xa que esta inscrición condicionada só se aplicará para os que figuran no impreso. Por exemplo, se a persoa indica Formación Profesional unicamente, tan só poderá solicitar ou matricularse nesta ensinanza, e en ningunha máis.
 - **Resgardo do pagamento da taxa**, agás para o título de graduado/a en educación secundaria obrigatoria.
- ✓ Os documentos deben ser **oficiais**, deben estar **legalizados** por vía diplomática ou, se é o caso, mediante a apostila do Convenio da Haya, e ir acompañados de **tradución oficial** ao galego ou ao castelán.

+ Información

Xefatura territorial da Consellería de Educación, Formación Profesional e Universidades
www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/titulos

Recoñecemento de títulos universitarios estranxeiros

Existen 4 formas de conseguir o recoñecemento do teu título:

- **Homologación**: os títulos homologados dan acceso a profesións reguladas é dicir, aquelas para as que necesitas un título específico como sanitarias, docentes, arquitectura, algunhas enxeñarías...
- **Equivalencia**: recoñecemento do teu título a nivel académico de Grao ou Máster.
- **Recoñecemento profesional**: só para cidadáns da Unión Europea, con títulos da UE e só para traballar en Profesións Reguladas.
- **Validación**: para estudos completos ou sen finalizar.

Diferencias entre solicitar unha homologación, equivalencia ou validación

	HOMOLOGACIÓN	EQUIVALENCIA	VALIDACIÓN
RECOÑECIMIENTO OFICIAL	A título de Grao ou Máster que dá acceso a unha profesión regulada	A nivel académico oficial de Grao ou Máster	De estudos oficiais superiores, finalizados ou non coa obtención dun título, por estudos universitarios parciais
EFFECTOS	Académicos e profesionais	Académicos	Académicos, para proseguir estudos
AUTORIDADE COMPETENTE	Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades	Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades	Universidade na que se queira continuar

A **homologación** pódese solicitar respecto ás incluídas na seguinte listaxe:

• Médica ou médico • Veterinaria ou veterinario • Enfermeiro ou enfermeira • Fisioterapeuta • Dentista • Farmacéutica ou farmacéutico • Logopeda • Óptico-optometrista • Podóloga ou podólogo • Terapeuta Ocupacional • Dietista-nutricionista • Psicóloga ou psicólogo Xeral Sanitario • Enxeñeira ou enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos • Enxeñeira ou enxeñeiro de Minas • Enxeñeira ou enxeñeiro Industrial • Enxeñeira ou enxeñeiro Aeronáutico • Enxeñeira ou enxeñeiro Agrónomo • Enxeñeira ou enxeñeiro de Montes • Enxeñeira ou enxeñeiro Naval e Oceánico • Enxeñeira ou enxeñeiro de Telecomunicación • Arquitecta ou arquitecto	• Enxeñeira ou enxeñeiro Técnico de Minas • Enxeñeira ou enxeñeiro Técnico de Obras Públicas • Enxeñeira ou enxeñeiro Técnico Aeronáutico • Enxeñeira ou enxeñeiro Técnico Agrícola • Enxeñeira ou enxeñeiro Técnico Forestal • Enxeñeira ou enxeñeiro Técnico Naval • Enxeñeira ou enxeñeiro Técnico Industrial • Enxeñeira ou enxeñeiro Técnico de Telecomunicación • Enxeñeira ou enxeñeiro Técnico en Topografía • Arquitecta ou arquitecto Técnico • Mestre ou mestra en Educación Infantil • Mestre ou mestra en Educación Primaria • Profesor ou profesora de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas
--	--

A **Equivalencia** é un recoñecemento a un nivel académico de Grao ou Máster que se esixe en **oposicións** ou contratos no sector público para os títulos estranxeiros, tamén hai empresas privadas que o solicitan ás veces para confirmar o nivel académico.

O **Portal de Recoñecementos de Títulos Universitarios Estranxeiros (Valida-TE)** é o espazo para saber como recoñecer o teu título universitario estranxeiro no Estado español.

www.ciencia.gob.es/Universidades/validate

Educación: enderezos de interese

Rede Municipal de Información Xuvenil do Concello da Coruña

- Espazo de Información Xuvenil Centro Ágora.
- Espazo de Información Xuvenil Fórum Metropolitano.
- Espazo de Información Xuvenil Naves do Metrosidero.

Teléfono: 981 189 888 (ext. 34324/ 34325) / 981 184 294 / 981 189 895

Telegram / WhatsApp: 606 362 366

E-correo: cmix@coruna.gal

www.coruna.gal/informacionxuvenil

Horario: de luns a venres de 10:00-14:00 e de 17:00-20:00 horas; sábados de 10:00-14:00 horas.

Todo tipo de información sobre estudos (bolsas, saídas, plans de estudo,...) de todos os niveis e modalidades.

Servizo Municipal de Educación. Concello da Coruña

Casa Paredes. Avda. da Mariña, 18, 2º. 15003 - A Coruña

Teléfono: 981 184 200

E-correo: educacion@coruna.gal

www.coruna.gal/educacion

Xestiona as competencias educativas municipais (especificamente nos centros públicos de infantil e primaria) e promove programas e intervencións de apoio á educación que se planifican desde a Corporación Municipal, entre elas a **Rede de Escolas Infantís Municipais** (REIM).

Xefatura territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Edif. Servizos Múltiples Monelos. R/ Vicente Ferrer, 2, 7º. 15008 - A Coruña

Teléfono: 981 184 701 / 02

Información Xeral: www.edu.xunta.gal

Educación de Persoas Adultas: www.edu.xunta.gal/portal/ea

Formación Profesional: www.edu.xunta.gal/fp

Réxime especial, artes plásticas, danza, deportivas, idiomas, música: www.edu.xunta.gal/portal/eea

Homologación títulos estranxeiros non universitarios: www.edu.xunta.gal/portal/familiasealumnado/titulos

Convocatorias de bolsas para o territorio galego e información xeral sobre estudos.

Homologación e validación de **títulos e estudos estranxeiros non universitarios**.

CIUG. Comisión Interuniversitaria de Galicia

Edificio Fontán, 1º andar. Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás s/n. 15707 Santiago de Compostela

Teléfono: 881 971 006

E-correo: ciug@ciug.gal

<https://ciug.gal>

Información sobre o acceso ao Sistema Universitario Galego (SUG): prazos, notas de corte, probas para maiores de 25 anos...

Área Funcional da Alta Inspección de Educación da Delegación do Goberno

Delegación do Goberno. Praza de Ourense, 11, 1º. 15004 - A Coruña

Teléfono: 981 989 550

E-correo: educacion.acoruna@correo.gob.es

www.educacionyfp.gob.es

www.ciencia.gob.es/Universidades

www.ciencia.gob.es/Universidades/validate

Buscar traballo de forma efectiva require seguir unha estratexia clara. Recoméndase darse de alta como persoa demandante de emprego para acceder aos recursos públicos e solicitar orientación profesional que te guíe no proceso. É fundamental investigar o mercado laboral para elaborar un currículo que destaque as túas competencias, diversificar as canles de busca para ampliar as oportunidades e preparar ben as entrevistas. A continuación, analizamos estes pasos polo miúdo.

Date de alta como persoa demandante de emprego

O primeiro que tes que facer é darte de alta como persoa demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia

Por que?: Inscribirse no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) é esencial para acceder a **formación, orientación laboral, e programas de emprego**.

Como o fago? A alta como persoa demandante de emprego é presencial:

- Require cita previa. Podes pedila [nesta ligazón](#) ou chamando ao 012.
- Debes levar o teu documento de identidade e os títulos académicos e certificacións que teñas.
- **MOI IMPORTANTE**, se es menor de idade, necesitarás unha [autorización](#) da túa nai, pai ou titor/a legal.
- Cando te rexistres, recibirás o **DARDE** (Documento de Alta e Renovación da Demanda de Emprego) e terás acceso a **app MOBEM** que che permitirá xestionar todo en liña.

Inscríbete en Garantía Xuvenil

Garantía Xuvenil é unha iniciativa europea que pretende facilitar o acceso da *mocidade* **entre 16 e 29** anos ao mercado de traballo.

Entre as vantaxes de Garantía Xuvenil destacan as axudas á contratación e as convocatorias de educación, formación, prácticas, aprendizaxe, emprego e autoemprego.

Requisitos

- Ter nacionalidade española, ser membra/o da Unión ou dos Estados parte do Acordo Económico Europeo ou Suíza ou ser estranxeira/o titular dunha autorización para residir en territorio español que habilite para traballar; así como as persoas menores non acompañadas que acheguen unha Acreditación dos Servizos de Protección de Menores da Comunidade Autónoma que xustifique individualmente o acceso, mediante a inscrición a actividades ou programas de educación ou formación que redunden no seu beneficio.
- Estar empadroada/o en calquera localidade do territorio do Estado español.
- Ter máis de 16 anos e menos de 30 anos no momento de solicitar a inscrición.
- Non estar traballando no día natural anterior á data de presentación da solicitude.
- Non estar recibindo accións educativas nin formativas no día natural anterior á data de presentación da solicitude.
- Presentar unha declaración expresa de ter interese en participar no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, adquirindo un compromiso de participación activa nas actuacións que se desenvolvan no marco deste Programa. No caso das persoas demandantes de emprego, bastará coa súa inscrición nos servizos públicos de emprego.

Inscrición

A través de seguinte web: garantiajuvenil.sepe.es/login.action

Na súa web teñen un vídeo onde explican como facelo. Tamén poden axudar dende o SEPE:

- Chama ao **060** e pide "Apoio para inscribirte en Garantía Xuvenil": directamente pasarante con persoal técnico que te acompañará durante todo o proceso.
- Escribe un e-correo a info.garantiajuvenil@sepe.es e indica no asunto "Apoio para inscribirse en Garantía Xuvenil": persoal especializado contactará contigo canto antes, para axudar durante todo o proceso de inscrición.

Feita a solicitude, terás que esperar a que contesten confirmando que xa eres persoa beneficiaria deste programa. Debes estar atenta/o ao teu e-correo.

Unha vez que che notifiquen a túa inscrición, terás acceso a ofertas de traballo, formación para o emprego, formación en emprendemento, prácticas internacionais... Periodicamente recibirás información destas oportunidades.

No apartado de convocatorias da web da Rede Municipal de Información Xuvenil do Concello da Coruña poderás comprobar que entidades teñen actividades e programas para persoas inscritas en Garantía Xuvenil na nosa cidade.

Tamén podes utilizar o [Buscador de ofertas de formación e emprego de Garantía Xuvenil](#).

Entidades colaboradoras

Existen **algunhas entidades que colaboran de maneira permanente con Garantía Xuvenil**. Aquí tes as da Coruña:

Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña

Programa PICE (Programa de Cualificación e Emprego)

R/ Alameda, 30-32, 1.º. 15003 - A Coruña

Tel.: 981 216 072

pice@camaracoruna.com

www.camaracoruna.com

Cruz Vermella Española na Coruña

Programa Aceleradores Go

R/ Cruz Vermella Española, 1. 15002 - A Coruña

Tel: 981 221 000

empleocoruna@cruzroja.es

Fundación Once

Programa para persoas novas con discapacidade

Cantón Grande, 3, 1º. 15003 - A Coruña

Tel: 981 145 109

www.port talento.es/Candidatos/Empleo-Juvenil/Empleo-Juvenil.aspx

Solicita orientación laboral

Que é? Un servizo gratuíto que che axuda con información e asesoramento na túa procura de emprego.

Por que? Axudarache a crear un perfil individualizado, ensinaranche técnicas de procura de emprego e a redactar o CV, ofreceranche tutoría e tamén te informarán sobre o mercado laboral e as competencias que máis demandan as empresas.

Onde o podo solicitar?

- Todas as oficinas dos Servizos Públicos de Emprego de Galicia ofrecen orientación laboral, só tes que solicitala.
- A maioría dos **concellos** dispoñen deste servizo. Na Coruña xestiónao o Centro Municipal de Emprego. Podes pedirlle unha cita chamando ao 981 184 399 ou a través do seu formulario web.
- Se es beneficiaria ou beneficiario **de Garantía Xuvenil** utiliza algunha das entidades intermediarias deste programa.
- As **Universidades** adoitan ter un servizo de emprego e emprendemento.
- Tamén podes consultar en **Colexios e asociacións profesionais**.
- Pescuda na internet: hai blogs e vídeos que poden ser moi útiles.

Segue unha estratexia

Define as túas metas profesionais. Reflexiona sobre o tipo de emprego que desexas e cales son os teus obxectivos a curto e longo prazo.

Investiga o mercado laboral. Antes de elaborar o teu CV, adica un tempo para investigar o mercado laboral. Isto permitirache entender como está a funcionar, coñecer os sectores en crecemento, que habilidades están a demandar as empresas e a familiarizarte coa linguaxe específica do teu sector. Con estes datos poderás adaptar o teu CV utilizando palabras clave e descubrir novas oportunidades.

Como o fago?

- Utiliza plataformas especializadas como portais de emprego e LinkedIn.
- Aproveita estas ferramentas:
 - “**Coñece o teu Sector**” de Fundae analiza 94 sectores económicos en España e ofrece unha guía práctica para coñecer os perfís profesionais máis demandados e o itinerario formativo necesario

para acceder a eles. Proporciona informes sectoriais con análises DAFO, perfís laborais que solicitan en cada sector, orientación formativa detallada (formación regrada e non regrada), tendencias clave como a intelixencia artificial ou o cambio climático, e recursos complementarios como noticias e eventos relevantes.

- O [Observatorio das Ocupacións do SEPE](#), permíteche analizar en profundidade o mercado laboral español, ofrecendo información actualizada sobre emprego e tendencias.
- Explora empresas de interese a través das súas webs e redes sociais.

Analiza as túas competencias

Ademais de habilidades técnicas ou **hard skills** (como idiomas ou Excel...), as empresas valoran moito as competencias brandas (**soft skills**): traballo en equipo, resolución de conflitos, xestión do tempo, creatividade... Non hai unha lista pechada, pero a través das seguintes ligazóns poderás facerte unha idea:

- [Competencias persoais para o emprego](#) (SEPE)
- [Guía de habilidade\(s\)](#) (Xunta de Galicia)

Podes avaliar cales son as túas en [ComPersonal](#) do SEPE. Se necesitas formación, bóttalle un ollo ao apartado "Seguir formándose" (páx. 110).

Fai un bo CV

O teu CV é a túa carta de presentación:

- Ten que ser **claro, conciso** e cun **deseño limpo**.
- Inclúe un bo **perfil profesional**. Asegúrate de **personalizalo para cada oferta** laboral.
- Utiliza unha **linguaxe profesional**, con **verbos de acción** (xestionei, deseñei, implementei...) e, se podes, inclúe logros medibles (aumentei as vendas nun 15%).
- Adapta o currículo a cada oferta laboral incluíndo **palabras clave** relacionadas co posto para así superar os programas de filtros automatizados (ATS).
- Aínda que **non teñas experiencia laboral previa**, destaca os teus estudos, actividades extracurriculares, proxectos persoais, habilidades e logros relevantes.
- **Utiliza ferramentas dixitais** que che axuden a **optimizalo** e adaptalo a cada oferta ou autocandidatura. Tes máis info na nosa web: www.coruna.gal/informacionxjuvenil/gl/emplego

Usa LinkedIn

- É unha plataforma clave para facer networking, ter visibilidade profesional, acceder a oportunidades laborais e estar ao día no teu sector.
- Usa a función "Open to Work" para que saiban que estás a buscar emprego.

Onde busco traballo?

É esencial diversificar a procura utilizando todas as vías posibles. Non descartes ningunha. As principais son as seguintes:

- **Portais de emprego.** Nesta ligazón tes unha listaxe deles: www.coruna.gal/informacionxjuvenil/gl/emplego/buscar-traballo/webs-de-emplego
- **Páxinas de empresas.** Busca a sección "traballa connosco", "emplego"...
- **Bolsas de traballo de universidades e centros de formación.** Consulta no centro no que te formaches se teñen unha bolsa de traballo ou prácticas.
- **Feiras de emprego e eventos de networking.**
- Recorre a **axencias de colocación** e **empresas de traballo temporal**. Na páxina 102 tes unha listaxe das que teñen oficina na Coruña.
- **Alertas personalizadas.** Configúraas para que te avisen de novas vacantes.
- **Networking e autocandidaturas. O mercado oculto.** Sabías que moitas ofertas non se publican? Por iso é clave:
 - Facer networking (crear contactos).
 - Enviar autocandidaturas: busca empresas que che interesen e envía o teu CV aínda que non teñan ofertas activas. Nesta ligazón da nosa web tes recursos para buscar directorios de empresas: www.coruna.gal/informacionxjuvenil/gl/emplego/buscar-traballo/webs-de-emplego-en-espana

Prepara a entrevista de traballo

- Investiga ben a empresa e practica respostas. Estas ferramentas pódennche resultar útiles:
 - Xerais: Utiliza a IA para practicar as túas entrevistas de traballo (Chat GpT, Copilot, Gemini...)
 - Específicas:
 - Kickresume: www.kickresume.com/en/ai-job-interview-questions-generator
 - Resumaker: www.resumemaker.online/es
- Sé puntual e ten coidado coa linguaxe corporal.
- Envía unha nota de agradecemento e avalía como te manexaches.

Continúa aprendendo

É **imprescindible estar ao día** en calquera novidade no teu sector de actividade. Mellora as túas habilidades: mentres buscas emprego realiza cursos, talleres ou certificacións relevantes para manterte competitivo no mercado. No apartado "Seguir formándose" (páx. 110) dicimos como.

Onde busco información na Coruña

Rede Municipal de Información Xuvenil do Concello da Coruña

- Espazo de Información Xuvenil Centro Ágora.
- Espazo de Información Xuvenil Fórum Metropolitano.
- Espazo de Información Xuvenil Naves do Metrosidero.

Tel.: 981 189 888 (ext. 34324 / 34325) / 981 184 294 / 981 189 895

Telegram / WhatsApp: 606 362 366

cmix@coruna.gal

coruna.gal/informacionxuvenil

Horario

De luns a venres de 10:00-14:00 e de 17:00-20:00 horas; sábados de 10:00-14:00 horas.

Recursos informativos para a procura de emprego, formación, emprego público.

Na web atoparás diferentes recursos: www.coruna.gal/informacionxuvenil/gl/emprego

- [Buscar traballo](#): por onde comezar, currículo, europass.
- [Webs de emprego](#): tanto para a busca no Estado como no estranxeiro.
- [Traballar no estranxeiro](#): recomendacións.
- [Emprender](#): como crear un negocio propio.
- [Formación para o emprego](#): información para a actualización de coñecementos e destrezas.

Centro Municipal de Emprego do Concello da Coruña

Estrada do Fortes, 16. 15011 - A Coruña

Tel.: 981 184 399

www.coruna.gal/emprego

Servizos:

- [Programa de información e orientación laboral \(PIOL\)](#)
 - Contido: asesoramento grupal e individualizado sobre os recursos en materia de busca activa de emprego, formación para o emprego e emprendemento.
 - Inscripción: cita previa no teléfono 981 184 399.
- Cursos de formación para o emprego dirixido a persoas desempregadas
 - Inscripción: solicitando entrevista a través do programa PIOL. Posibilidade de recibir alertas no móbil.

Oficinas de Emprego

Son as dependencias onde se ubican tanto o **Servizo Público de Emprego de Galicia** (SPEG) como o **Servizo Público de Emprego Estatal** (SEPE):

- O SPEG encárgase de: alta como persoa demandante de emprego, orientación laboral, formación para o emprego e intermediación laboral.
 - emprego.xunta.gal
- O SEPE encárgase de: prestacións por desemprego.
 - www.sepe.es

Localización:

- **A Coruña – Centro**
R/ Gregorio Hernández, 2
Tel. SPEG: 881 960 585 / oficina.emprego.a.coruna.centro@xunta.gal
Tel. SEPE: 060
- **A Coruña – Monelos**
R/ Luís Seoane, entreplanta 11
Tel. SPEG: 881 960 601 / oficina.emprego.a.coruna.monelos@xunta.gal
Tel. SEPE: 060
- **A Coruña – Tornos**
Avda. Fistera, 227
Tel. SPEG: 881 960 489 / oficina.emprego.a.coruna.tornos@xunta.gal
Tel. SEPE: 060

Outros servizos e programas de emprego na Coruña: consulta o documento “Programas de emprego” nesta ligazón www.coruna.gal/informacionxuvenil/gl/emprego

No seguinte apartado da guía recompilamos unha selección de recursos destinados a facilitar o acceso ao mercado laboral, ofrecendo información útil en distintos ámbitos relacionados co emprego. O seu obxectivo é servir como ferramenta de apoio na procura de oportunidades neste eido e de posibilitar o coñecemento de distintas alternativas profesionais.

Ao longo da sección abórdanse diferentes vías de inserción laboral, incluíndo as empresas de traballo temporal, o emprendemento, o emprego público e as opcións de traballo no estranxeiro, achegando información e recursos para cada unha delas.

Traballo temporal e axencias de colocación

Axencias de colocación

Son entidades públicas ou privadas, que actúan na intermediación laboral, é dicir, proporcionan ás persoas traballadoras un emprego adecuado ás súas características e facilitan ás empregadoras o persoal máis axeitado aos seus requirimentos e necesidades. Ademais poden desenvolver actividades relacionadas coa procura de emprego, tales como orientación e información profesional, e coa selección de persoal. Os seus servizos son gratuítos.

RELACIÓN DE AXENCIAS DE COLOCACIÓN AUTORIZADAS

Empresas de Traballo Temporal (ETT)

Son entidades que contratan a persoas e as poñen a disposición, con carácter temporal, dunha empresa usuaria; nos supostos de: realización dunha obra ou servizo determinado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos, substitución de traballadoras/es (vacacións, enfermidade etc.) ou para cubrir temporalmente un posto de traballo fixo, mentres dura o proceso de selección.

- Teñen a obriga de formalizar os contratos de traballo por escrito e rexistralos nas Oficinas de Emprego.
- Non poden cobrar á persoa traballadora por gastos de selección, formación ou contratación.
- A igualdade salarial é obrigatoria por lei. Hai que ter en conta o que estableza o convenio colectivo da empresa usuaria.
- A persoa traballadora ten dereito a recibir unha indemnización económica cando finalice o contrato, equivalente á parte proporcional da cantidade que resultaría de abonar 12 días de salario por cada ano de servizo.

REXISTRO DE EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL

Na Coruña

ADECCO STAFFING

ETT e externalización de servizos
Avda. García Sabell, nº 1. 15009
Tel. 981 201 050
adeccoteayuda@adecco.com
www.adecco.es

Tel. 981 005 612 / 881 165 050
info@grupoexterna.es
R/ Enrique Dequidt Hevia, 9, Baixo. 15005
Tel. 981 005 613
rrhhcoruna@grupoexterna.es
www.grupoexterna.es

ANANDA GESTION EMPRESA DE TRABAJO TEMPORAL, S.L.

R/ Sinfónica de Galicia, nº 3, 1º, L3. 15004
Tel. 685 084 321
coruna@ananda.es
www.ananda.es

FASTER IBERICA

ETT e externalización de servizos
R/ Juan Florez, 11, entreplanta. 15004
Tel. 981 214 079
coruna@faster.es
www.faster.es

BICOLAN ETT

ETT e externalización de servizos
R/ Sinfónica de Galicia, 10, 2º. 15004
Tel. 981 247 344
acoruna@bicolan.com
www.bicolan.com

EULEN FLEXIPLÁN. ETT

Ronda de Nelle, 140 - 1ºC. 15010
Tel.: 981 208 670
www.flexiplan.eulen.com

EMPATIF ETT

R/ Roberto Tojeiro Díaz, 1. 15009
Tel 881 150 020
www.empatif.com

GRUPO EULEN

Externalización de servizos
Estrada Baños de Arteixo, 21. 15008
Tel. 981 174 241
www.eulen.com/es

EUROFIRMS PEOPLE FIRST

ETT e externalización de servizos
Ronda de Outeiro, 178, baixo - Local 2. 15007
Tel. 981 265 490
coruna@eurofirms.com
www.eurofirms.com

GI GROUP

ETT
R/ Sinfónica de Galicia, 3 -5, portal esq. 1º, local 1. 15004
Tel. 881 255 355
coruna@gigroup.com
<https://es.gigroup.com/>

EXTERNA SERVICIOS

ETT e externalización de servizos
R/ Gambrinus, 57. 15008

GRUPO TEMPORING

ETT e externalización de servizos
R/ Novoa Santos, 21, 1º D. 15006
Tel. 981 175 747

coruna@temporingett.com
www.grupotemporing.com

IMAN TEMPORING ETT

ETT e empresa de externalización
R/ Posse, 27, 1º - oficina C. 15009
Tel. 881 240 311 / 626 11 32 99
imancoruna@imancorp.es
www.imancorp.es

MANPOWER PROFESSIONAL LA CORUÑA

ETT e empresa de externalización
Avda. de Arteixo, 15, baixo. 15004
Tel. 981 266 144
www.manpower.es

NEXO INFINITY

Avda. De Oza, 123, 1º A 15006
Tel. 986 115 750
info@gruponexoinfinity.com
www.gruponexoinfinity.com

NORTEMPO

R/ Curros Enríquez, 43. 15002
Tel. 981 216 198
R/ Manuel Guzmán, 1, baixo. 15008
Tel. 981 145 599
<https://nortempo.com>

RANDSTAD PROFESSIONALS

Avda. de Arteixo, 13, 15004 A Coruña
Tel. 981 145 621
www.randstad.es

SYNERGIE

Avda. de Oza, 42, 1º dta. 15006
Tel. 981 206 534
coruna@synergie.es
www.synergie.es

YSONDOS ETT

R/ Juan de la Cierva, 5. 15008
Tel. 633 373 189
<https://ysondos.com>

Emprendemento

Emprender un proxecto persoal non é unha tarefa sinxela. Velaquí diferentes recursos con información básica e útil para o proceso de creación do teu negocio.

Información xeral

Plataforma PYME (Gobierno de España): información e ferramentas para o emprendemento, creación da empresa, elección da forma xurídica, axudas e incentivos, contratación laboral etc. plataformapyme.es - <https://ipyme.org/>

Portal EUGO. Rede de Portelos Únicos da Unión Europea (Gobierno de España). Facilita a localización e realización de trámites e requisitos para o inicio ou exercicio de actividades empresariais ou profesionais, tendo en conta a forma xurídica elixida e a localización xeográfica. eugo.es

Centro de Información e Rede de Creación de Empresas (CIRCE). Punto de Atención ao Emprendedor. PAE (Gobierno de España). O CIRCE é o sistema de información que permite realizar de forma telemática os trámites de constitución e posta en marcha de determinadas sociedades mercantís en España ou de constitución como empresaria/o individual (autónoma/o). Nos **PAE físicos** proporcionan servizos de información, asesoramento e realizan os trámites administrativos de constitución a través do CIRCE. paeelectronico.es/

Oficina Económica de Galicia. Información, atención, asesoramento e acompañamento para posta en marcha de iniciativas emprendedoras, xa sexas empresa ou persoa emprendedora. Publican [guías](#) que recollen todos os trámites necesarios para levar adiante un proxecto empresarial segundo a súa actividade e ferramentas de negocio. oficinaeconomicalgalicia.xunta.gal

Polos de emprendemento: <https://polosemprendemento.gal>

Rede de centros físicos e virtuais de apoio integral e gratuíto a persoas emprendedoras e autónomas en Galicia. Ofrecen acompañamento personalizado para iniciar ou consolidar un negocio, desde a idea inicial ata o crecemento, con titoras/es e formación adaptada a cada proxecto. Tamén teñen [guías](#).

Oficina Virtual do Emprego Autónomo. Unha xanela única para o emprego autónomo de Galicia. oficinadoautonomo.gal

Instituto Galego de Promoción Económica, IGAPE. A súa misión é a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial. igape.gal

COOPERATIVISMO.

- **Rede Eusumo**. Rede de colaboración para o fomento e o desenvolvemento da economía social. Nela atoparás información, formación, orientación, asesoramento e acompañamento no ámbito cooperativo e de economía social. www.eusumo.gal
- **Unión de Cooperativas Espazocoop**. Ofrece servizos, de balde, de asesoramento e xestión, acompañamento e titorización, así como formación en cooperativas. espazo.coop
- **Confederación Empresarial Española de Economía Social (CEPES)**: <https://www.cep.es/>

Rede emprenderverde, ReV. Iniciativa de Fundación Biodiversidade para fomentar a creación e consolidación de empresas ou novas liñas de negocio en actividades vinculadas ao medio ambiente. www.redemprenderverde.es

Gaia. Plataforma Galega de Información Ambiental. Economía circular: <https://gaia.xunta.es/plataforma/economia-circular#economia-circular-mentoring>

Fundación Pública Artesanía de Galicia. Entidade creada para contribuír ao desenvolvemento do sector artesan galego no seu conxunto, para o que leva a cabo diversas liñas de actuación relacionadas coa promoción, a formación e a divulgación. artesanadegalicia.xunta.gal

+ Información na Coruña

Centro Municipal de Empresas do Concello da Coruña. Accede Papagaio

Praza Papagaio, s/n. 15002- A Coruña

Tel.: 981 189 887

empresa@coruna.gal

www.coruna.gal/empresa

Asesoramento e titorización a persoas emprendedoras, obradoiros de iniciativas empresariais e programas

formativos de consolidación de empresas.

Oficina Económica de Galicia. IGAPE A Coruña

Edif. Admón. Monelos, R/ Vicente Ferrer, 2. 15008 - A Coruña

Tel.: 981 182 239 / Información: 900 815 151

oficinaeconomicalgalicia@xunta.gal

oficinaeconomicalgalicia.xunta.gal/a-oficina/

Asesoramento, formación, financiamento, internacionalización.

Outras entidades e asociacións de emprendemento

Na web da Rede Municipal de Información Xuvenil do Concello da Coruña, poderás consultar unha listaxe de outras entidades e asociacións que ofrecen asesoramento e programas de emprendemento:

www.coruna.gal/informacionxjuvenil/gl/emprego/emprender

Portais de interese para o teu proxecto

- **VERI*FACTU:** <https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/iva/sistemas-informaticos-facturacion-verifactu.html>
- **Axencia Española de Protección de Datos.** Autoridade pública independente encargada de velar pola privacidade e a protección de datos da cidadanía. www.aepd.es
- **Factura electrónica, FACTURA.e** www.facturae.gob.es
- **Centro de Apoio á PEME para a protección da innovación, CEVIpyme.** Centro de apoio á pyme en propiedade industrial, intelectual e innovación. cevipyme.es
- **Oficina Española de Patentes e Marcas.** www.oepm.es
- **Acelera pyme.** Punto de encontro dixital para as pemes e os axentes involucrados na súa transformación dixital a partir do cal se dinamizará o ecosistema. A plataforma conta con servizos globais dirixidos ás pemes con contido multisectorial e servizos específicos acordados a diferentes sectores de actividade. www.acelerapyme.gob.es
- **Red.es.** Economía dixital para as empresas. www.red.es
- **Responsabilidade social empresarial.** rse.xunta.gal
- **Ingualdade laboral.** Información para que as empresas poidan integrar o principio de igualdade na súa estratexia. aigualdadelaboral.gal
- **Instituto Nacional de Ciberseguridade.** www.incibe.es
- **Plataforma ONE:** Aquí poderas atopar todo o que necesitas sobre emprendemento innovador: <https://one.gob.es>
- **Europa:**
 - **Guía práctica para facer negocios en Europa.** europa.eu/youreurope/business/index_es.htm
 - **Erasmus para mocidade emprendedora.** www.erasmus-entrepreneurs.eu
- **Portal das Cámaras de Comercio.** www.camara.es
- **Internacionalización e exportación:**
 - **ICEX:** www.icex.es
 - Programas e servizos de apoio, financiación, axudas e formación para a exportación.
 - **eMarketServices.** www.emarketservices.es
 - Facilita ás empresas a localización e o uso de mercados electrónicos nos negocios internacionais.
 - **Internacionalización IGAPE.** www.igape.gal/gl/pemes-e-autonomos/internacionalizacion
 - **Comercio exterior das Cámaras de Comercio.** www.camara.es/comercio-exterior

Traballar nunha administración: o emprego público

Que é o persoal empregado público?

Persoal empregado público é todo aquel que desempeña funcións ao servizo do interese xeral, con retribucións económicas por parte das Administracións Públicas.

Que tipos de Administracións públicas hai?

- A Administración Xeral do Estado (Ministerios, Direccións Xerais...)
- As Administracións das Comunidades Autónomas (Consellerías, Secretarías Xerais...)
- As Administracións das Entidades Locais (Concellos, Deputacións...)
- Os Organismos Públicos, Axencias e demais Entidades vinculadas ou dependentes de calquera das Administracións Públicas.
- As Universidades Públicas.

O personal ao servizo das Administracións públicas

a) Tipos:

Tipo de Persoal	Descrición	Réxime
Persoal funcionario de Carreira	Persoas que, tras superar un proceso selectivo (oposición), obteñen un nomeamento legal para desempeñar servizos profesionais retribuídos de carácter permanente.	Estatuto Básico do Empregado Público
Persoal funcionario Interino	Persoas nomeadas por razóns de necesidade ou urxencia para realizar funcións propias de funcionarios de carreira. O seu cese prodúcese cando finaliza a causa que motivou o seu nomeamento.	Estatuto Básico do Empregado Público
Persoal Eventual	Persoal nomeado con carácter non permanente para ocupar postos de confianza ou de asesoramento específico. O seu nomeamento e cese son libres e están vinculados á autoridade que os nomeou.	Réxime específico
Persoal Laboral	Persoal que presta servizos retribuídos para as Administracións Públicas a través dun contrato de traballo formalizado por escrito, en condicións similares ás da empresa privada.	Normas de dereito laboral

b) Clasificación:

• FUNCIONARIOS/AS:

En función da **titulación requirida** para o ingreso e das **funcións** a desempeñar por categoría.

Grupo / Subgrupo	Titulación Requirida	Funcións Principais
A1	Titulación Universitaria	Tarefas de dirección e alta xestión
A2	Titulación Universitaria	Tarefas de execución e xestión
B	Técnico/a Superior	Tarefas sen determinar
C1	Bacharelato ou Técnico/a	Traballos de carácter administrativo, contable, mantemento de arquivos etc
C2	Graduado/a en ESO	Tarefas administrativas de apoio, atención ao público etc
Agrupacións Profesionais	Sen requisitos de titulación	Tarefas de vixilancia, custodia, porteo ou análogas

- **PERSOAL LABORAL:**
 - Este tipo de persoal clasifícase de conformidade coa lexislación laboral.

Que son as oposicións?

É a maneira en que as Administracións Públicas seleccionan ao seu persoal, de acordo á súa oferta de emprego público, mediante unha convocatoria pública, e a través de un sistema de selección nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Modalidades de acceso

- **Acceso por quenda libre.** Pódese presentar calquera persoa que reúna os requisitos da convocatoria. Das prazas ofertadas nesta quenda, normalmente o 3% resérvase a persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- **Quenda de promoción interna.** Pódense presentar a estas convocatorias só as persoas traballadoras da administración convocante que desexen ascender de categoría.

Sistemas de selección

- **Oposición:** celebración dunha ou máis probas para determinar a capacidade e a aptitude das persoas aspirantes e fixar unha orde de puntuación. O temario do exame e as probas especifícanse nas bases da convocatoria.
- **Concurso:** valoración dos méritos das persoas aspirantes para fixar unha orde de puntuación, xa que en función dos resultados establécese unha orde de maior a menor puntuación. Os méritos consisten en horas de formación nun ou varios temas estipulados, en tempo traballado nas administracións etc. A adjudicación de puntos regúlase a través dun *baremo* que aparece publicado nas bases da convocatoria.
- **Concurso – oposición:** sistema mixto no que se combinan os dous anteriores: exames e valoración de méritos.
- **Listaxes de contratación:** tamén chamadas **bolsas de traballo**. É un sistema de contratación directa do persoal a partir dunhas listaxes previamente elaboradas, poden ser de dous tipos:
 - **Abertas:** algúns organismos abren listaxes de contratación de distintos perfís profesionais nas que se pode apuntar calquera persoa que cumpla as condicións e requisitos que se establecen para o posto de traballo. A selección faise mediante a valoración do curriculum e os méritos alegados (títulos académicos, cursos especializados, experiencia ou anos traballados para a administración...) recoñecendo en cada caso unha puntuación concreta. A maior puntuación máis alto será o posto que se ocupará na listaxe. Exemplo destas listaxes son as da [Xunta de Galicia](#) e o [Sergas](#).
 - **Pechadas:** son aquelas que se forman coas persoas que aprobaron unha oposición pero que non chegaron a conseguir praza. Estas listas adoitan chamarse pechadas porque non se poden inscribir candidatos/as a maiores, aínda que teñan a titulación ou experiencia suficiente.

Requisitos de acceso

- Ter nacionalidade española.
- Persoas cidadás doutros países membros da Comunidade Europea ([consultar outros supostos](#) no caso de persoas estranxeiras).
- Ser maiores de 16 anos e non exceder da idade que se establece para cada corpo.
- Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- Non ter sido separados/as do servizo de calquera das Administracións Públicas mediante expediente disciplinario nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- Estar en posesión da titulación esixida, ou en condicións de obtela na data na que remate o prazo de presentación.
- Outros requisitos específicos de cada convocatoria.

Onde se publican as convocatorias?

Nos Boletíns Oficiais. Atendendo ao seu ámbito territorial son de tres tipos:

- **Boletín Oficial do Estado (BOE):** Diario informativo do Estado. Contén a totalidade das prazas

convocadas por todos os organismos dependentes da Administración do Estado, as Universidades, así como a maioría das prazas convocadas polas administracións autonómicas e locais.

- **Diarios Oficiais das Comunidades Autónomas:** Son os diarios editados polos gobernos autónomos. Publican bastantes prazas que non aparecen no BOE. En Galicia é o *Diario Oficial de Galicia* (DOG).
- **Boletíns Oficiais das Provincias ou Boletíns Provinciais:** Publícanos as Deputacións das provincias, aínda que no caso das Comunidades Autónomas uniprovinciais este boletín coincide co Diario Oficial da Comunidade. Os Boletíns Provinciais de Galicia son:
 - [Boletín Provincial da Coruña](#)
 - [Boletín Provincial de Lugo](#)
 - [Boletín Provincial de Ourense](#)
 - [Boletín Provincial de Pontevedra](#)
 - Tamén podes utilizar a web www.eidolocal.gal/ofertas-de-emplego
 - Nalgúns casos, poden publicarse en prensa.

Como é o procedemento das oposicións?

As fases do procedemento son as seguintes:

1. **Publicación da oferta de emprego público:** As administracións anuncian as súas necesidades de persoal para o exercicio nos boletíns oficiais.
2. **Convocatoria das prazas ofertadas:** Na convocatoria de cada praza debe aparecer:
 - a. as bases da convocatoria, que conteñen a seguinte información: número, nome e características das prazas convocadas, sistema de selección, requisitos de acceso, lugar e prazo de presentación de instancias, descripción das probas da fase de selección e baremo de méritos da fase de concurso, temario e sistemas de calificación.
 - b. anuncio de convocatoria: as diferentes prazas non se consideran convocadas ata que non apareza anunciado o día a partir do que se abre o prazo de presentación de instancias e a data límite para presentar dita solicitude.
3. **Solicitud – presentación de instancia:** As administracións anuncian as súas necesidades de persoal para o exercicio nos boletíns oficiais.
4. **Listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas:** É a listaxe que se expón públicamente coa relación de aspirantes que, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, foron admitidos/as para participar no proceso de selección ou foron excluídos/as con indicación da causa de exclusión. Ao mesmo tempo abre un prazo de reclamación que serve para que as persoas excluídas poidan subsanar as deficiencias que, provisionalmente, imposibilitan a súa participación.
5. **Listaxe definitiva de admitidos e anuncio da data do 1º exame:** Nesta última listaxe recóllese a relación definitiva de aspirantes que poden presentarse ás probas e o lugar e hora de comezo do primeiro exame.

+ Información: www.coruna.gal/informacionxjuvenil

Traballar no estranxeiro

Recursos

Velaquí algúns recursos se tomaches a decisión de ir a traballar ao estranxeiro:

- [Información xeral e consellos para a búsqueda de emprego no estranxeiro](#)
- [Webs de emprego no estranxeiro](#)
- [Información para traballar en organismos internacionais](#)
- **Traballar e facer prácticas nas institucións da Unión Europea:**
 - [Web da Oficina Europea de Selección de Persoal, EPSO: eu-careers.europa.eu/es](#)
 - [Web da Representación Permanente de España ante a UE:
www.exteriores.gob.es/RepresentacionesPermanentes/EspanaUE/es/TrabajarenUE/Paginas/index.aspx](#)

Rede Eures

É unha rede de cooperación europea de servizos de emprego deseñada para facilitar a libre circulación das persoas traballadoras. Terás acceso a ofertas de emprego, información sobre o mercado de traballo e o modo de vida en todos os países da UE.

A Rede Eures ofrece varias vías de información:

- **web:** eures.europa.eu/index_es
- [Rede de conselleiras/os](#), podes acudir de xeito presencial.
Conselleira Eures na Coruña
Covadonga López López
Xefatura Territorial da Coruña. Emprego Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
Rúa Gregorio Hernández, 2 – 4. 15011- A Coruña
Teléfono: 881 881 333
E-correo: eures.coruna@xunta.gal
- **Servizo de chat en liña.**
- **Blogue EURES:** poderás atopar información clave para traballar en Europa, sobre países e profesións, ademais de experiencias de persoas que xa están alí.
- **Boletín EURES:** para manterse ao día sobre toda a súa actividade.

+ Información: eures.europa.eu/index_es

Seguir formándose

Tanto se estás a traballar como se estás en situación de desemprego, a formación, actualización e reciclaxe de coñecementos é esencial no actual mercado laboral. Administracións públicas, entidades sen ánimo de lucro e Internet, poden proporcionar a formación que precisas, en moitos casos de balde.

Descobre que formación demanda o mercado: Necesidades formativas das ocupacións

O **Observatorio das Ocupacións do SEPE** ten esta ferramenta que detecta as necesidades formativas do sistema produtivo e as posibles carencias de cualificación. Grazas a esta ferramenta, **podes coñecer que competencias técnicas e transversais están a demandar —ou demandarán proximamente— as empresas**, o que che axudará a saber en que áreas deberías formarte.

www.sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/que-es-observatorio/deteccion-necesidades-formativas.html

Buscar formación

PERSONAS DESEMPREGADAS	PERSONAS TRABALLADORAS	
Buscador do Servizo Público de Emprego de Galicia: emprego.xunta.es/diplos#/ Centro Municipal de Emprego do Concello da Coruña: www.coruna.gal/emprego/gl Plataforma Experiencia Fundae da Fundación Estatal para a Formación no Emprego: experienciafundae.es/ Apartado de cursos da sección de "Convocatorias" da páxina de Información Xuvenil: www.coruna.gal/informacionxuvenil/gl/convocatorias/cursos Programas específicos de emprego na Coruña	FORMACIÓN PROGRAMADA POLAS EMPRESAS	FORMACIÓN PARA PERSONAS TRABALLADORAS
	Consulta na túa empresa	Buscador do Servizo Público de Emprego: emprego.xunta.es/diplos#/ Plataforma Experiencia Fundae da Fundación Estatal para a Formación no Emprego: experienciafundae.es/ Apartado de cursos da sección de "Convocatorias" da páxina de Información Xuvenil: www.coruna.gal/informacionxuvenil/gl/convocatorias/cursos

PERSONAS DESEMPREGADAS E TRABALLADORAS
• Accións formativas para persoas desempregadas: teñen cota para persoas traballadoras inscritas en mellora do emprego • Accións formativas para persoas traballadoras: teñen cota para persoas desempregadas
Plataforma Experiencia Fundae Atoparás distintos recursos gratuítos para adquirir novas capacitacións, certificar os teus coñecementos, coñecer as túas competencias dixitais, dixitalizar a túa empresa ou coñecer a fondo os sectores produtivos do país: • Plataforma "eFundae": emprendemento, innovación, competencias dixitais e competencias transversais • Plataforma Digitalízate: acceso gratuíto a cursos para mellorar as túas competencias, incluíndo aquelas que che axudarán ao proceso de transformación dixital. Pódese atopar todo tipo de recursos: cursos, vídeos, itinerarios, material introdutorio, até formación máis especializada • Bolsas Google-Fundae: formación especializada en liña: Análise de datos / Xestión de Proxectos / Deseño de UX / Soporte de Tecnoloxías da Información / Automatización de TI de Google con Python / IA • Bolsas IBM-Fundae: formación especializada en liña: Ciencia de datos, Power Bi, Iniciación á

programación con Python e IA Prezo: gratuíta + Info: https://experienciafundae.es/
Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, CNTG Formación técnica de alto nivel (cursos, seminarios etc.) relacionada co mundo das novas tecnoloxías Prezo: gratuíta + Info: cntg.xunta.gal/web/cntg
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral Cursos de prevención de riscos laborais e saúde laboral Prezo: gratuíto + Info: issga.xunta.gal

OUTRAS OPCIÓNS DE FORMACIÓN
Aula Mentor - Formación en liña, aberta e de inscrición inmediata, agás no mes de agosto - Áreas formativas: Administración e Xestión, Agraria, Artes Gráficas, Comercio e Marketing, Electricidade e Electrónica, Hostalería e Turismo, Imaxe Persoal, Imaxe e Son, Industrias Alimentarias, Informática e Comunicacions, Instalación e Mantemento, Sanidade, Seguridade e Medio Ambiente, Servizos Socioculturais e á Comunidade, Téxtil Confección e Pel, Vidro e Cerámica, Competencias lingüísticas, Idiomas Prezo: 48 €/curso (dous meses), recarga 24 €/mes + Info: www.aulamentor.es
Formación Permanente UNED Programa de posgrao: dirixido a persoas con título universitario que desexan actualizar os seus coñecementos ou lograr unha especialización nalguna área Programa de desenvolvemento profesional e persoal, dirixido a persoas que buscan, sen necesidade de título universitario, un perfeccionamento, actualización profesional, formarse por interese cultural ou académico. Modalidade: Principalmente en liña Prezo: hai que abonar o custo da matrícula. Consulta axudas ao estudo + Info: https://www.uned.es/universidad/inicio/estudios/formacion-permanente.html
Plataformas MOOC Cursos en liña, gratuítos e sen límite de alumnado: https://www.edx.org/es www.coursera.org www.openuped.eu blogs.uned.es/unedabierta www.incibe.es/empresas/formacion cemit.xunta.gal